

D. 7/1999, DO 7 DE XANEIRO POLO QUE SE IMPLANTAN E REGULAN OS CENTROS PÚBLICOS INTEGRADOS DE GALICIA

O artigo 11 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, modificado pola disposición adicional sexta da Lei orgánica 1/1990, prevé o funcionamento de centros integrados que abranguen dúas ou máis das ensinanzas por el establecidas nos que a súa regulación e adaptación debería facerse regulamentariamente.

O artigo 3 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo establece o conxunto de ensinanzas de réxime xeral e especial que conforman o novo sistema educativo.

O R.D. 1004/1991, do 14 de xuño, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas non universitarias, na súa disposición adicional primeira, prevé o funcionamento de centros con diferentes ensinanzas no mesmo edificio ou recinto escolar, determinando os espazos que son comúns e posibilitando formas organizativas máis flexibles para adaptarse ás distintas situacións que a realidade escolar pode presentar.

O R.D. 389/1992, do 15 de abril, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas artísticas, na súa disposición adicional primeira, fixa os requisitos que deben reuni-los centros integrados de música e danza ós que se refire o artigo 41.1º da Lei orgánica 1/1990, antes citada.

A ampliación a dez anos da escolaridade obrigatoria aconsella desenvolver formas organizativas máis flexibles cás existentes, que se adapten mellor ás diversas necesidades que impón a peculiar distribución xeográfica da poboación da nosa comunidade.

A implantación da educación secundaria obrigatoria para atender a demanda social existente, en especial das zonas rurais, para que algúns alumnos poidan realizar a obrigatoriedade da educación sen a necesidade de cambiar de centro, e un razoable aproveitamento dos recursos existentes, aconsella a implantación e regulación dos centros nos que se impartan, coas necesarias garantías de calidade, as etapas que configuran o ensino obrigatorio.

Pola súa parte, o artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia establece a competencia plena desta comunidade para o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que o desenvolven.

Na súa virtude, conforme o sinalado con anterioridade, pola necesidade de conferi-lo novo marco xurídico a estes centros, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria e logo de informe do Consello Escolar de Galicia, de acordo co dictame do Consello Consultivo de Galicia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día sete de xaneiro de mil novecientos noventa e nove,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Implántase a existencia na organización educativa da Comunidade Autónoma de Galicia dos centros públicos integrados.

A creación e supresión destes centros efectuarase por decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá modifica-las unidades destes centros, de acordo coas necesidades de atención escolar e as características da poboación.

Artigo 2º

Os centros públicos integrados poderán ser:

1. Centros nos que se imparta a educación básica na súa totalidade.
2. Centros nos que, ademais da educación básica na súa totalidade, se imparta a educación infantil.

En todo caso, poderán impartirse tamén, de acordo coa súa norma de creación, outras ensinanzas de réxime xeral non universitario das establecidas na Lei 1/1990, de ordenación xeral do sistema educativo.

Ademais do sinalado no parágrafo anterior, nestes centros poderase impartir a educación de persoas adultas así como a combinación de ensinanzas de réxime xeral e especial, se así o determina a Administración educativa.

Artigo 3º

Estes centros deberán reuni-los requisitos sinalados polo Real decreto 1004/1991, do 12 de xuño, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas de réxime xeral non universitarias, para cada unha das ensinanzas que neles se impartan.

Será preciso, ademais do anterior, para o seu recoñecemento como centro público integrado, que as instalacións se encontren nun mesmo edificio ou recinto escolar ou o suficientemente próximas para que se poida efectuar unha organización e xestión conxunta da actividade docente.

Considerarase que cumpren os requisitos esixidos aqueles centros públicos integrados nos que as instalacións se axusten ó previsto na disposición adicional primeira do Real decreto 1004/1991, sobre centros que funcionan no mesmo edificio ou recinto escolar.

Artigo 4º

Os órganos unipersoais de goberno dos centros públicos integrados percibirán o complemento específico establecido para os mesmos cargos nos institutos de educación secundaria e de acordo cos mesmos criterios.

Artigo 5º

Apróbase o Regulamento orgánico dos centros públicos integrados da Comunidade Autónoma galega, que se publica como anexo ó presente decreto.

Disposicións adicionais

Primeira.-Centros públicos integrados en zonas educativas de características especiais.

Os actuais colexios públicos de educación primaria ou de educación infantil e primaria que atendan poboacións de especiais características sociodemográficas ou escolares, poderán constituírse como centros públicos integrados que impartan a educación secundaria obrigatoria, se así o establece a Administración educativa. Estes centros

quedan exceptuados dos requisitos establecidos nos artigos 10, 11, 12 e 19 do R.D. 1004/1991, en canto ó número de unidades con que deben contar para o seu funcionamento.

Segunda.-Convenios con entidades locais para o mantemento dos edificios escolares dos centros públicos integrados.

De conformidade co disposto na disposición adicional decimo sétima da Lei orgánica 1/1990, de ordenación xeral do sistema educativo, modificada polo artigo 168 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e do orde social, e coa disposición adicional 2ª da Lei orgánica 8/1985, reguladora do dereito á educación, as administracións locais coaduxarán coa Administración educativa no sostemento dos centros de educación obrigatoria na proporción que regulamentariamente se estableza.

Para tal fin, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e os concellos poderán establecer convenios de colaboración co fin de garanti-la atención dos gastos derivados da conservación, mantemento e vixía dos edificios escolares nos que se achán os centros públicos integrados e o cumprimento das responsabilidades que correspondan a cada administración respecto das obrigas anteriormente citadas.

A dotación da Administración educativa para persoal de administración e servizos farase con criterios semellantes ós dos centros de educación secundaria e proporcional ó número de unidades ou alumnos de educación secundaria que escolarice.

Terceira.-Modificación dos regulamentos orgánicos dos institutos de educación secundaria e das escolas de educación infantil e colexios de educación primaria.

1. Modifícanse os artigos 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, e o 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, quedando redactados do seguinte xeito:

«Sen prexuízo do establecido no artigo 49º.2, dous anos despois de que se constituía o Consello Escolar con tódolos membros, levarase a cabo a súa primeira renovación parcial e serán substituídos os seguintes membros:

a) Se o número total de membros electos do respectivo sector é par, renovarase a metade dos membros.

b) Se o número total de membros electos do respectivo sector é impar, procederase do seguinte xeito:

-Se o número total é de 1 membro: renóvase este membro.

-Se o número total é de 3 membros: renóvase 1 membro.

-Se o número total é de 5 membros: renóvanse 2 membros.

-Se o número total é de 7 membros: renóvanse 3 membros.

Para determina-las persoas concretas substituídas haberá que averse inicialmente á voluntariedade. Se esta non se producise, os afectados serían os seguintes:

-Profesorado: menor antigüidade no centro, no corpo e menor idade, por esta orde.

-Pais e nais de alumnos ou alumnas: os que antes vaian deixar de formar parte da comunidade educativa, tendo en conta o curso escolar dos seus fillos. En caso de igualdade, determinarase por orde alfabética, sendo o afectado o que primeiro apareza nesa orde.

-Alumnado: o que antes deixe de ser alumno do centro. En caso de igualdade, aplicarase o criterio sinalado no parágrafo anterior.

Dous anos despois, substituiranse os membros non afectados na renovación parcial citada».

2. Engádese ó artigo 51º dos decretos 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, e 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, o seguinte texto:

«Nas reunións ordinarias o director remitiralles ós membros do órgano colexiado, xunto coa convocatoria, e cunha antelación mínima dunha semana, a documentación necesaria para o mellor desenvolvemento da sesión. Se os asuntos que se vaian tratar así o aconsellan, poderán realizarse convocatorias extraordinarias cunha antelación mínima de corenta e oito horas e sen suxeción a prazo previo nos casos de urxencia».

3. Modifícase o artigo 55º do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, que queda co seguinte texto:

«Cada equipo de ciclo estará dirixido por un coordinador, que desempeñará as súas funcións durante dous cursos académicos, sempre que siga formando parte do ciclo, e serán designados polo director do centro, por proposta do equipo de ciclo. Deberán ser mestres que impartan docencia no ciclo, preferentemente con destino definitivo e horario completo no centro».

Cuarta.-Extensión na aplicación.

Os artigos 87 e 88 do Regulamento aprobado por este decreto son de aplicación ós centros regulamentados polos decretos 324/1996, do 26 de xullo, e 374/1996, do 17 de outubro, polos que se aproban os regulamentos orgánicos dos institutos de educación secundaria e das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, respectivamente.

Quinta.-Centros públicos integrados con xefe de estudos de educación de adultos.

No suposto de que no centro público integrado existise a figura do xefe ou xefa de estudos de educación de adultos, a composición do Consello Escolar veríase incrementada nun profesor ou profesora e nun alumno ou alumna.

Disposicións transitorias

Primeira.-Os actuais órganos unipersoais de goberno dos centros de educación primaria ou de educación infantil e primaria que se transformen en centros públicos integrados continuarán desempeñando as súas funcións ata o remate do seu mandato, agás que sobreveña algunha das causas de cesamento previstas neste regulamento e lexislación concordante de aplicación.

Segunda.-A cobertura dos postos de traballo dos departamentos de orientación recollidos neste regulamento para os centros públicos integrados, rea

lizarase de acordo co disposto para os centros públicos de educación secundaria, segundo o Decreto 120/1998, do 23 de abril. Mentres estes non se constituían, serán atendidos, de acordo co establecido no citado decreto, polo departamento de orientación do instituto de educación secundaria que se determine, conforme a adscrición que, de se-lo caso, realizará o delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, por proposta do servizo de inspección educativa.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para dictar tódalas disposicións que sexan precisas para o desenvolvemento e execución do disposto neste decreto.

Segunda.-O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, sete de xaneiro de mil novecientos noventa e nove.

Manuel Fraga Iribarne

Presidente

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

REGULAMENTO ORGÁNICO DOS CENTROS PÚBLICOS INTEGRADOS

TÍTULO I

Organización e goberno dos centros
públicos integrados

Capítulo I

Denominación

Artigo 1º.-Denominación.

1. A denominación xenérica destes centros será a de centro público integrado, acompañada da correspondente ás ensinanzas que imparta o centro.

2. A denominación específica será a aprobada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, por proposta formulada polo Consello Escolar do Centro, con informe favorable do concello onde radique o centro.

Os centros públicos integrados que se constitúan por transformación dun colexio de educación primaria ou de educación infantil e primaria manterán o mesmo código e denominación específica, se a teñen, sen prexuízo das modificacións que puidesen producirse segundo o procedemento establecido.

3. Os centros públicos integrados non poderán te-la mesma denominación específica que os centros de educación infantil, educación primaria, educación infantil e primaria ou de educación secundaria do mesmo concello.

4. Todos estes centros empregarán a denominación xenérica en lingua galega nos seus letreiros, impresos e selos e, en xeral, sempre que se utilice o nome do centro.

5. En tódolos centros públicos integrados figurarán na fachada do edificio, en lugar visible, un letreiro co escudo de Galicia e as expresións: Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a denominación do centro. Tamén poderá figura-lo escudo e o nome do concello no que estea situado o centro.

6. Para determina-lo número de unidades dos centros públicos integrados computaranse tódalas unidades creadas de educación básica ás que se agregarán, se é o caso, as unidades de educación infantil creadas e/ou os grupos de alumnos doutras ensinanzas.

Capítulo II

Órganos de goberno dos centros
públicos integrados

Artigo 2º.-Principios.

1. Os órganos de goberno dos centros públicos integrados serán os previstos no título II da Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, avaliación e goberno dos centros docentes.

2. Os órganos de goberno velarán pola efectiva realización dos fins da educación, pola mellora da calidade do ensino e pola configuración dun auténtico ensino galego, con total respecto ós principios e valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia.

3. Ademais, no ámbito da súa competencia, garantirán o exercicio dos dereitos recoñecidos ó alumnado, profesorado, pais e nais de alumnos e persoal da administración e servizos. Así mesmo, favorecerán a participación efectiva de tódolos membros da comunidade educativa na vida do centro, na súa xestión e avaliación.

4. A xestión e organización dos órganos de goberno e de coordinación destes centros rexeráse polo disposto neste regulamento, sen prexuízo doutras normas concordantes que lles sexan de aplicación.

Artigo 3º.-Número e composición.

Os centros públicos integrados terán os seguintes órganos de goberno:

a) Unipersoais: director, xefe de estudos de educación e primaria, xefe de estudos de educación secundaria e secretario, ou, de se-lo caso, administrador.

Naqueles centros nos que se impartan ensinanzas de educación de adultos poderá existir a figura de xefe de estudos de educación de adultos, se así o determina a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) Colexiados: Consello Escolar e Claustro de Profesores.

A Consellería de Educación poderá determinar a existencia doutros órganos unipersoais de goberno.

Artigo 4º.-Participación da comunidade educativa.

A participación na xestión dos centros dos pais, nais ou titores legais ou ordinarios dos alumnos, así como das persoas ou institucións que ostenten a garda e protección dos menores, profesorado, persoal de administración e servizos e do concello, realizarase a través do Consello Escolar, sen prexuízo das funcións propias do Claustro de Profesores, consonte o previsto na Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, avaliación e goberno dos centros públicos, nos regulamentos orgánicos dos institutos de educación secundaria, das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria e neste regulamento.

Os profesores, pais e nais ou titores legais ou ordinarios dos alumnos, así como as persoas ou institucións que ostenten a garda e protección dos menores, de tódalas etapas educativas que se impartan no centro, poderán optar en igualdade de condicións á representación no Consello Escolar do centro, nos termos e nas condicións que se establecen neste regulamento.

Os pais, nais e titores legais ou ordinarios dos alumnos, así como as persoas ou institucións que ostenten a garda e protección dos menores, poderán tamén participar no funcionamento dos centros a través das súas asociacións, na que a máis representativa de cada centro poderá propor un dos representantes do sector correspondente no Consello Escolar, de acordo co disposto no artigo 2 da Lei orgánica 9/1995.

Os alumnos de educación secundaria optarán á representación que lles corresponda no Consello Escolar do centro así como na xunta de delegados, nos termos e nas condicións que se establecen neste regulamento, así como tamén poderán participar no funcionamento do centro e nos termos que se establezan, a través das súas asociacións e outros órganos de participación.

Capítulo III

Órganos unipersonais de goberno

Artigo 5º.-Definición.

Os órganos unipersonais de goberno constitúen o equipo directivo do centro, que realizará as súas funcións de xeito coordinado. O seu mandato será de catro anos, contados a partir do seu nomeamento e correspondente toma de posesión, agás nos centros de nova creación, que será de tres anos e no caso do administrador, se é o caso, haberá que se ater ó disposto no artigo 26 da Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, avaliación e goberno dos centros docentes.

Os equipos directivos coordinarán os distintos ámbitos de xestión para lles dar coherencia a tódalas actuacións do centro.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria favorecerá o exercicio da función directiva adoptando as medidas que favorezan a súa preparación e actualización. Para iso organizaranse programas de formación para mellora-la cualificación dos responsables do exercicio da dita función.

Artigo 6º.-O director.

a) Definición: o director é o responsable, en xeral, do funcionamento e da xestión do centro, e, en particular, da actividade docente, actuando en consonancia co Consello Escolar e Claustro de Profesores, seguindo a normativa vixente e as directrices emitidas pola Administración educativa.

b) Elección: o director será elixido polo Consello Escolar. As eleccións celebraranse nas datas que fixe a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Para estes efectos, os representantes dos alumnos que sexan do primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria non poderán participar neste proceso así como tampouco no de revogación do director.

O proceso de elección do director e a designación do equipo directivo deberá quedar pechado na última semana de xuño do curso académico que corresponda.

c) Nomeamento e posesión: o nomeamento, que realizará o delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como a toma de posesión, terán efectos desde o 1 de xullo do ano en que se efectúe o proceso electoral.

d) Requisitos previos: poderán optar ó cargo de director calquera profesor ou profesora que sexa funcionario de carreira en situación de servizo activo, que reúna os seguintes requisitos:

d.1) Ter, cando menos, unha antigüidade de cinco anos no corpo da función pública docente desde o que se opta.

d.2) Ter exercido como profesor ou profesora durante cinco anos nun centro que imparta algunha das ensinanzas do mesmo nivel e réxime que as que se impartan no centro.

d.3) Ter destino definitivo no centro, cunha antigüidade nel, cando menos, dun curso completo.

d.4) Estar acreditado pola Administración educativa para o exercicio da función directiva.

Nos centros públicos integrados de menos de oito unidades e nos de zonas rurais de especial dificultade, no caso de que non exista candidato ningún que cumpra tódolos

requisitos, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá eximi-los candidatos de cumpriren algún dos requisitos anteriores.

Non poderán presentarse como candidatos os profesores que, por calquera causa, non vaian prestar servicios no centro público integrado no curso académico inmediatamente seguinte ó da súa toma de posesión como director.

Non se poderán presentar como candidatos aqueles profesores que desempeñasen o cargo de director no colexio público integrado no que se presenta a candidatura durante os tres períodos consecutivos inmediatamente anteriores.

e) Candidaturas: os candidatos deberán presentar, por escrito, ante o Consello Escolar, con quince días de anticipación á data da elección, a súa candidatura que incluirá:

e.1) Programa de dirección no que se preverán os obxectivos que pretende alcanzar, análise do funcionamento, problemas e necesidades do centro, as liñas fundamentais de actuación e a proposta dos órganos de goberno unipersoais da candidatura establecidos neste decreto.

e.2) Acreditación para o exercicio da función directiva e condicións que permitiron esta acreditación.

e.3) Méritos académicos e profesionais non considerados para a acreditación. O claustro, as asociacións de pais de alumnos e as asociacións de alumnos, cun prazo mínimo de 7 días antes da elección, deberán ser informados das candidaturas e coñecerlos programas presentados, así como o equipo directivo proposto. Para estes efectos, o Consello Escolar remitirálle-los nomes dos candidatos, programas e equipos.

O Consello Escolar, cunha antelación non inferior a 48 horas á data fixada para a realización das votacións para a elección do director, poderá requirir dos candidatos información complementaria sobre o seu proxecto directivo.

f) Mesa electoral: estará integrada por dous profesores ou profesoras, un alumno ou alumna e un pai ou nai de alumno, ou titor legal ou ordinario ou persoa que ostente a garda e protección do menor, elixidos por sorteo entre os membros do Consello Escolar.

O sorteo, que será público, deberá preve-la designación de membros titulares e suplentes. En ningún caso participarán en tal sorteo os candidatos á dirección.

Actuarán como presidente e secretario da mesa electoral os profesores ou profesoras de maior e menor idade, respectivamente.

g) Votación: a votación efectuarase diante da mesa electoral mediante sufraxio directo, secreto e non delegable; resultará elixido director o candidato que obteña o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Consello Escolar, na reunión extraordinaria do dito consello, que para tal efecto se convoque.

Cando, concorrendo máis dun candidato, ningún deles obtívese a maioría absoluta, procederáse no prazo de corenta e oito horas a realizar unha segunda votación na que figurará unicamente o candidato máis votado na primeira. Para ser elixido en segunda votación tamén é necesario logra-lo voto favorable da maioría absoluta dos membros do Consello Escolar.

De existir empate na primeira votación, no prazo de corenta e oito horas realizarase unha segunda votación individualizada entre os aspirantes que igualaron no número máis elevado de votos. Decidirase por sorteo a orde na que serán votados os aspirantes. Tódolos electores poderán participar na votación individualizada de cada aspirante. De

seren varios os aspirantes que concorren en segunda votación resultará elixido o que, obtendo a maioría absoluta, logre máis votos.

A mesa electoral remitiralle a acta da elección ó delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, expresando, segundo proceda:

a') O candidato que obtivo a maioría absoluta.

b') Que ningún candidato alcanzou a maioría absoluta.

No suposto de que non se presentase ningunha candidatura será o Consello Escolar o que, a través do seu presidente, lle deberá comunicar tal extremo ó delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

h) Designación de director pola Administración: cando non haxa candidatos ou, cando habéndoos, ningún obtivese a maioría absoluta, o delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nomeará director por un período de catro anos un profesor ou profesora que, independentemente do centro de destino, reúna os requisitos contidos nos subpuntos d.1), d.2) e d.4) da letra d) do presente artigo. Neste caso, o director nomeado designará os restantes órganos unipersoais do seu equipo directivo, comunicándolle ó Consello Escolar, dentro dos 30 días seguintes ó do seu nomeamento, tales designacións.

No caso de centros que, por seren de nova creación ou por outras causas debidamente xustificadas, non se dispuxese de profesorado que reúna os requisitos do parágrafo anterior, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nomeará director por un período de tres anos un profesor, funcionario de carreira que, de ser posible, reúna algún dos requisitos

i) Cesamento do director: o director cesará nas súas funcións ó final do seu mandato ou ó producirse algunha das seguintes causas:

i.1) Renuncia motivada aceptada polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

i.2) Traslado temporal ou definitivo, voluntario ou forzoso, pase a situación de servizos especiais, xubilación, excedencia voluntaria ou forzosa e suspensión de funcións de acordo co disposto na lexislación vixente.

i.3) Cesamento polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria logo de proposta de revogación, acordada por maioría de dous tercios do Consello Escolar. Para estes efectos, só se computarán os compoñentes do Consello Escolar con dereito a voto.

O director cando incumpra gravemente coas súas obrigas poderá ser cesado ou suspendido de funcións polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, logo do informe razoado do Consello Escolar do centro e da audiencia do interesado.

Cando se produza o cesamento do director con anterioridade ó remate do seu mandato, por calquera das causas enumeradas con anterioridade, o delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nomeará un director, con carácter accidental e ata o 30 de xuño.

j) Substitución do director: en caso de ausencia, enfermidade ou suspensión de funcións do director, desempeñará as súas funcións, con carácter provisional, o xefe de estudos de educación primaria ou o de educación secundaria que sexa máis antigo no centro e, se tivesen a mesma antigüidade, o de maior antigüidade no corpo. No caso de non ser posible esta substitución, corresponderalle ó xefe de estudos de educación das persoas

adultas e, de non existir este último, substituirao o profesor máis antigo no centro e, se houberse varios de igual antigüidade, o de maior antigüidade no corpo.

k) Competencias do director: son competencias do director:

k.1) Representar oficialmente a Administración educativa no centro, sen prexuízo das atribucións das demais autoridades educativas.

k.2) Ostenta-la representación do centro.

k.3) Dirixir e coordinar tódalas actividades do centro, cara á consecución do proxecto educativo do centro e de acordo coas disposicións vixentes, sen prexuízo das competencias do Consello Escolar e do Claustro de Profesores.

k.4) Visa-las certificacións e documentos oficiais do centro.

k.5) Designa-los xefes de estudos e o secretario, e propoñe-lo seu nomeamento e cesamento. Do mesmo xeito, designa-los xefes de departamento, os coordinadores e os titores, de acordo co procedemento establecido neste regulamento.

k.6) Executa-los acordos dos órganos colexiados no ámbito da súa competencia.

k.7) Coordina-la elaboración do proxecto educativo do centro, proxecto curricular e programación xeral anual, de acordo coas directrices e criterios establecidos pola Administración educativa e polo Consello Escolar, e coas propostas formuladas polo claustro e outros órganos de participación, responsabilizándose co equipo directivo da súa redacción e de velar pola súa correcta aplicación.

k.8) Convocar e presidi-los actos académicos, o Consello Escolar, o Claustro, a comisión de coordinación pedagóxica do centro, a comisión económica do Consello Escolar, a comisión de convivencia e cantas outras se constitúan regulamentariamente, podendo delega-la presidencia dalgunha destas comisións noutros membros do equipo directivo.

k.9) Cumprir e facer cumprir-las leis e demais disposicións vixentes.

k.10) Exerce-la xefatura de todo o persoal adscrito ó centro.

k.11) Favorece-la convivencia do centro e impoñe-las correccións que corresponda, de acordo coa normativa vixente, co regulamento de réxime interior e cos criterios establecidos polo Consello Escolar.

k.12) Garanti-lo dereito de reunión de profesorado, alumnado, pais e nais de alumnos ou representantes legais e persoal de administración e de servizos, de acordo co disposto na lexislación vixente.

k.13) Colaborar coa inspección educativa na valoración da función pública docente.

k.14) Xestiona-los medios humanos e materiais do centro, dinamizando os distintos sectores da comunidade educativa, especialmente os restantes membros do equipo directivo e xefes de departamento, canalizando achegas e intereses e buscando canles de comunicación e colaboración.

k.15) Promover e impulsa-las relacións do centro coas institucións do seu contorno.

k.16) Trasladarlle ó delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a memoria anual sobre as actividades e situación xeral do centro así como, se é o caso, as propostas de solución ós problemas existentes.

k.17) Facilita-la axeitada coordinación con outros servizos educativos da zona.

k.18) Coordinar e fomenta-la participación dos distintos sectores da comunidade escolar e procura-los medios precisos para a máis eficaz execución das súas respectivas competencias.

k.19) Proporciona-la información que lle sexa requirida polas autoridades educativas competentes e colaborar en todo o relativo ó logro dos obxectivos educativos do centro.

k.20) Promover, de se-lo caso, as relacións cos centros de traballo que afecten a formación do alumnado e a súa inserción profesional, e asina-los convenios de colaboración, unha vez informados polo Consello Escolar e polo Claustro de Profesores, entre o centro e os mencionados centros.

k.21) Facilita-la información sobre a vida do centro ós distintos sectores da comunidade escolar e ás súas organizacións representativas.

k.22) Autoriza-los gastos de acordo co orzamento do centro e ordena-los pagamentos.

k.23) Realiza-las contratacións de obras, servicios e subministracións de acordo co que regulamentariamente se estableza.

k.24) Propo-lo cesamento dos restantes membros do equipo directivo, así como dos xefes de departamento, de acordo co procedemento establecido neste regulamento.

k.25) Colaborar coa Administración educativa para un maior logro dos obxectivos do centro, así como formar parte dos órganos consultivos da Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que se establezan.

k.26) Favorecer e propicia-la avaliación interna do funcionamento do centro e colaborar coa administración educativa na avaliación externa que periodicamente se realice.

Artigo 7º.-Restantes membros do equipo directivo.

a) Designación, nomeamento e cesamento: os xefes de estudos, o secretario, o xefe de estudos de educación de adultos, nos centros onde exista, serán designados polo director entre os profesores con destino definitivo no centro, logo da comunicación ó Consello Escolar.

O director remitiralle os nomes dos profesores que han de ocupa-los cargos ó delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria co fin de que sexan nomeados por este. Os nomeamentos e toma de posesión realizaranse con efectos do 1 de xullo seguinte á celebración das eleccións.

Non poderán ser nomeados os profesores que, por calquera causa, non vaian prestar servizo no centro no curso académico inmediatamente seguinte ó da súa toma de posesión.

Nos centros de nova creación serán designados e nomeados polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

En situacións excepcionais e con autorización expresa do delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, logo da proposta do director, oído o Consello Escolar, poderán ser nomeados profesores ou profesoras que non teñan destino definitivo no centro.

No caso de que no centro exista a xefatura de estudos de educación de adultos, asumirá as funcións que lle correspondan como xefe de estudos no ámbito da súa responsabilidade e coordinarase e colaborará cos restantes membros do equipo directivo, do que forma parte para tódolos efectos.

Cesarán nas súas funcións ó remate do seu mandato ou ó producirse algunha das circunstancias seguintes:

a.1) Renuncia motivada aceptada polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, logo de informe do director do centro.

a.2) Traslado temporal ou definitivo, voluntario ou forzoso, pase a situación de servizos especiais, xubilación, excedencia voluntaria ou forzosa e suspensión de funcións de acordo co disposto coa lexislación vixente.

a.3) Cando cese o director que os designou

a.4) Cesamento polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria por proposta do director mediante escrito razoado, logo de comunicación ó Consello Escolar.

O delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá destituír ou suspender de funcións a calquera dos restantes membros do equipo directivo, cando exista incumprimento grave das súas funcións, logo de informe razoado do director, dándolle audiencia ó interesado e oído o Consello Escolar.

Cando cesen nas súas funcións polas causas enumeradas neste punto, o delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nomeará, para o período restante de mandato do director, o profesor designado por el, logo da comunicación ó Consello Escolar. No caso de centros de nova creación, será o delegado provincial o que realice a designación e nomeamento correspondente.

b) Substitución dos restantes membros do equipo directivo: en caso de ausencia, enfermidade ou suspensión de funcións dos xefes de estudos ou secretario, farase cargo temporalmente das súas funcións o profesor que designe o director, logo de comunicación ó Consello Escolar do centro.

c) Competencias dos xefes de estudos: son competencias deste cargo directivo as seguintes:

c.1) Exercer, por delegación do director e baixo a súa autoridade, a xefatura do persoal docente en todo o relativo ó réxime académico.

c.2) Coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico e de orientación de profesorado e alumnado, en relación co proxecto educativo do centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.

c.3) Elaborar, en colaboración cos restantes órganos unipersoais, os horarios académicos do alumnado e profesorado, de acordo cos criterios aprobados polo claustro e co horario xeral incluído na programación xeral anual, así como velar polo seu estrito cumprimento.

c.4) Coordina-las actividades dos xefes de departamento.

c.5) Coordinar e orienta-la acción dos titores, coas achegas, se é o caso, do departamento de orientación e de acordo co plan de orientación académica e profesional e do plan de acción tutorial.

c.6) Coordina-la participación do profesorado nas actividades de perfeccionamento, así como planificar e organiza-las actividades de formación de profesores realizadas polo centro.

c.7) Coordina-la actividade docente do centro, con especial atención ós procesos de avaliación, adaptación curricular, diversificación curricular e actividades de recuperación, reforzo e ampliación.

c.8) Facilita-la organización do alumnado e impulsa-la súa participación no centro.

c.9) Establece-los mecanismos para corrixir ausencias imprevistas do profesorado, atención a alumnado accidentado ou calquera eventualidade que incida no normal funcionamento do centro.

c.10) Organiza-la atención do alumnado nos períodos de lecer.

c.11) Calquera outra función que lle poida ser encomendada polo director dentro do ámbito da súa competencia.

d) Competencias do secretario: son competencias do secretario:

d.1) Ordena-lo réxime administrativo do centro, de conformidade coas directrices do director .

d.2) Actuar como secretario dos órganos colexiados de goberno do centro, levantar acta das sesións e dar fe dos acordos co visto e praxe do director.

d.3) Custodia-los libros e arquivos do centro.

d.4) Expedi-las certificacións que soliciten as autoridades e os interesados.

d.5) Realizar, coa colaboración dos xefes de departamento, o inventario xeral do centro e mantelo actualizado.

d.6) Custodiar e dispoñe-la utilización dos medios audiovisuais, material didáctico, mobiliario ou calquera material inventariable.

d.7) Coordinar, dirixir e supervisar, por delegación do director, a actividade e funcionamento do persoal de administración e servicios adscrito ó centro.

d.8) Elabora-lo anteproxecto de orzamento do centro, de acordo coas directrices do Consello Escolar e oída a comisión económica.

d.9) Ordena-lo réxime económico do centro, de conformidade coas instrucións do director, realiza-la contabilidade e render contas ante o Consello Escolar e as autoridades correspondentes.

d.10) Velar polo mantemento material do centro en tódolos aspectos, de acordo coas indicacións do director.

d.11) Dar a coñecer e difundir a toda a comunidade educativa a información sobre normativa, disposicións legais e asuntos de interese xeral ou profesional que se reciban no centro.

d.12) Presidir, se é o caso, e por delegación do director, a comisión económica.

d.13) Calquera outra función que lle encomende o director dentro do seu ámbito de competencia.

e) Administrador: nos centros públicos integrados que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determine, existirá un administrador quen, baixo a dependencia directa do seu director, asumirá as competencias establecidas na letra f) deste artigo. Neses centros non existirá secretario.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá os requisitos para a provisión dos postos de traballo de administrador nos centros públicos integrados.

f) Competencias do administrador: son competencias do Administrador, se é o caso, as seguintes:

- f.1) Asegura-la xestión dos medios humanos e materiais e ordena-lo réxime administrativo do centro, de conformidade coas directrices do director.
- f.2) Actuar como secretario dos órganos colexiados de goberno do centro, con voz pero sen voto, e levantar acta das sesións e dar fe dos acordos co visto e praxe do director.
- f.3) Controlar, por delegación do director, a asistencia ó traballo de todo o persoal docente e non docente adscrito ó centro e mante-las relacións administrativas coa delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- f.4) Custodia-los libros e arquivos do centro.
- f.5) Expedi-las certificacións que soliciten as autoridades e os interesados.
- f.6) Realiza-lo inventario xeral do centro e mantelo actualizado.
- f.7) Custodiar e dispoñe-la utilización dos medios audiovisuais e do material didáctico.
- f.8) Exercer, por delegación do director, a xefatura do persoal de administración e de servizos adscritos ó centro.
- f.9) Elabora-lo anteproxecto de orzamento do centro, de acordo coas directrices do Consello Escolar e oída a comisión económica.
- f.10) Ordena-lo réxime económico do centro, de conformidade coa instrución do director, realiza-la contabilidade e render contas ante o Consello Escolar e as autoridades correspondentes.
- f.11) Velar polo mantemento material do centro en tódolos aspectos, de acordo coas indicacións do director.
- f.12) Calquera outra función que lle encomende o director dentro do seu ámbito de competencia.

Capítulo IV

Órganos colexiados de goberno

Artigo 8º.-Órganos colexiados.

Os centros públicos integrados terán os seguintes órganos colexiados:

- a) Consello Escolar.
- b) Claustro de Profesores.

Artigo 9º.-O Consello Escolar.

1. Definición: o Consello Escolar do Centro é o órgano a través do que participan na súa xestión os distintos membros da comunidade escolar.

2. Composición:

a) Centros públicos integrados, de oito ou máis unidades, computándose para estes efectos as posibles unidades de educación infantil:

- O director, que será o seu presidente.
- O xefe de estudos de educación primaria.
- O xefe de estudos de educación secundaria.
- O xefe de estudos de educación de adultos, se é o caso.
- Un concelleiro ou representante do concello do termo municipal no que estea situado o centro.

- 6 profesores elixidos polo claustro.
- 3 representantes dos pais, nais ou titores dos alumnos.
- 3 representantes dos alumnos.
- 1 representante do persoal de administración e servizos.

-O secretario ou, se é o caso, o administrador do centro, que actuará como secretario do consello, con voz e sen voto.

b) Centros públicos integrados restantes: a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determinará a composición do Consello Escolar, atendendo as peculiaridades deles.

3. Da representación dos pais, nais ou titores dos alumnos e alumnas: dos representantes que lles corresponden ós pais, nais ou titores legais ou ordinarios dos alumnos, así como ás persoas ou institucións que ostenten a garda e protección dos menores, no Consello Escolar un deles poderá ser proposto pola asociación de pais de alumnos máis representativa, os outros serán elixidos por votación ante a mesa electoral polo pai e a nai ou titores legais ou ordinarios, así como as persoas ou institucións que ostenten a garda e protección do menor, de acordo co procedemento establecido no Decreto 92/1988, do 28 de abril e neste regulamento.

A xunta electoral solicitaralle, cando proceda, á asociación de pais de alumnos do centro legalmente constituída, que teña maior número de asociados a proposta dun representante para o Consello Escolar, dando un prazo de 10 días para o efecto.

De non existir proposta da asociación de pais de alumnos máis representativa para ocupa-la praza que lle corresponde, pediráselle proposta á asociación seguinte en representatividade. En caso de que aínda así quede vacante, a praza cubrirase conxuntamente e co mesmo procedemento cós outros representantes dos pais. Para os efectos de futura renovación parcial, asignaráselle a praza correspondente por proposta da asociación de pais de alumnos ó candidato máis votado.

4. Outros representantes: nos centros en que se autorice imparti-la formación profesional específica poderase incorporar ó Consello Escolar, con voz pero sen voto, un representante proposto polas organizacións empresariais presentes no ámbito de acción do centro.

A xunta electoral solicitaralles ás organizacións empresariais que prestan a súa colaboración para a realización do módulo de «formación en centros de traballo» a proposta dun representante para o Consello Escolar con 15 días de antelación á súa constitución, e presentará nova petición cada dous anos, coincidindo coa renovación da metade dos membros do Consello Escolar.

As organizacións empresariais presentarán a súa proposta cinco días antes, alomenos, da constitución do Consello Escolar.

5. Atribucións: o Consello Escolar do Centro Público Integrado terá as seguintes atribucións:

a) Establece-las directrices e elaborar propostas para a elaboración do proxecto educativo do centro, aprobalo, avalialo e, se é o caso, introducir modificacións, sen prexuízo das competencias que o Claustro de Profesores ten atribuídas en relación coa planificación e organización docente.

b) Elixi-lo director do centro.

c) Propoñe-la revogación do nomeamento do director, logo de acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dous tercios.

d) Resolve-los conflitos e impoñe-las correccións pertinentes con finalidade pedagóxica que correspondan ás conductas dos alumnos e alumnas que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, de acordo coa normativa que regula os dereitos e deberes dos alumnos.

- e) Decidir sobre a admisión dos alumnos, con suxeición ó establecido na lexislación vixente.
- f) Aprobar e modifica-lo regulamento de réxime interior do centro.
- g) Elabora-las directrices para a programación e desenvolvemento das actividades escolares complementarias e extraescolares, comedor, transporte escolar, visitas e outras actividades, así como a aprobación e avaliación da programación xeral delas.
- h) Aproba-lo proxecto de orzamento do centro e a execución del.
- i) Aprobar e avalia-la programación xeral anual do centro, respectando, en todo caso, os aspectos docentes que lle competen ó claustro.
- j) Establece-los criterios de colaboración con outros centros, entidades ou organismos.
- k) Promove-la renovación das instalacións e equipamento do centro, e vixia-la súa conservación.
- l) Analizar e valora-lo funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados da avaliación que do centro realice a Administración educativa.
- m) Colaborar coa inspección educativa nos plans de avaliación do centro, nos termos que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza.
- n) Constituír comisións de carácter estable ou temporal.
- ñ) Establece-los criterios sobre a participación do centro en actividades culturais, deportivas ou recreativas.
- o) Promove-las relacións entre os diversos membros da comunidade escolar para conseguir unha relación fluída e fomenta-la participación dos sectores e a súa formación.
- p) Participar activamente nos procesos de autoavaliación e avaliación externa do centro.
- q) Solicitalle á Administración educativa o asesoramento que considere oportuno.
- r) Emitir informe sobre a memoria anual de actividades do centro e valora-lo funcionamento xeral.
- s) Calquera outra competencia que lle sexa atribuída normativamente.

6. Cesamento dos membros do Consello Escolar:

Os membros do Consello Escolar cesarán nas súas funcións:

a) Se son membros electos:

-Por renuncia motivada, que será aceptada polo Consello Escolar.

-Por deixar de pertencer ó centro ou de reuni-las condicións esixidas para a pertenza a el.

-Polo cumprimento do período de mandato para o que foron elixidos.

b) Se son membros designados ou propostos:

-Por conclusión do mandato para o que foron designados ou propostos.

-Por revogación do órgano que o propuxo ou designou.

c) Se son membros natos:

-Cando cesen no cargo.

7. Outras comisións: no seo do Consello Escolar do Centro existirá unha comisión económica, integrada polo director, o secretario, ou, se é o caso, o administrador, un profesor ou profesora, un alumno ou alumna e un pai ou nai de alumno ou titor legal ou ordinario ou persoa que ostente a garda e protección, elixidos por cada un dos sectores.

Esta deberá reunirse, alomenos, unha vez ó trimestre e previas ás convocatorias do Consello Escolar.

Na primeira sesión do Consello Escolar elixiranse os membros que formarán parte da dita comisión.

Neste mesmo sentido, poderán constituírse outras comisións para asuntos específicos, nas que estarán presentes, cando menos, un profesor ou profesora, un alumno ou alumna e un pai ou nai de alumno ou titor legal, ordinario ou persoa que ostente a protección e garda do menor, que informarán o Consello Escolar sobre os temas que lles encomenden e colaborarán con el nas cuestións da súa competencia.

No seo do Consello Escolar constituirase unha comisión de convivencia na forma que se determine no Regulamento de réxime interior e na que, alomenos, estará o director do centro, os xefes de estudos, un profesor ou profesora, un pai ou nai de alumno ou titor legal ordinario ou persoa que ostente a garda e protección, e un alumno ou alumna, elixidos por cada un dos sectores, coas competencias que se establezan no Regulamento de réxime interior.

Esta comisión proporalle ó Consello Escolar medidas de mellora do clima escolar e informarlle sobre a aplicación das normas de convivencia colaborando na elaboración do informe que o dito órgano colexiado realizará sobre a aplicación das normas de convivencia, para a súa inclusión na memoria anual.

Artigo 10º.-O Claustro de Profesores.

1. Definición e composición: o Claustro de Profesores é o órgano propio de participación destes

no goberno do centro que ten a responsabilidade de planificar, coordinar, decidir e, se é o caso, informar sobre tódolos aspectos docentes del.

Estará integrado pola totalidade dos profesores e profesoras que presten servizos nel e será presidido polo director, de acordo co sinalado nos artigos 14.1º e 14.2º da Lei orgánica 9/1995.

2. Competencias do Claustro: as competencias do Claustro de Profesores son as seguintes:

- a) Facer chegar ó equipo directivo propostas para a elaboración dos proxectos educativos e curricular do centro e da programación xeral anual.
- b) Aprobar e avaliar os proxectos curriculares e os aspectos docentes da programación xeral anual, conforme o proxecto educativo do centro.
- c) Determinar cal é a lingua materna predominante entre os alumnos e alumnas, así como a lingua ambiental, co fin de que o profesorado de educación infantil, se é o caso, e primeiro ciclo de educación primaria a use na clase coidando ó mesmo tempo que adquiran de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios da correspondente etapa ou ciclo.
- d) Promover iniciativas no ámbito metodolóxico, tecnolóxico, didáctico ou de organización, así como na experimentación e investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro.
- e) Aproba-lo procedemento que permita determinar de xeito individualizado o coñecemento da lingua materna dos alumnos e alumnas co fin de que sexan atendidos axeitadamente.

f) Elixir os seus representantes no Consello Escolar do centro e no consello directivo do centro de formación continuada do profesorado.

g) Aproba os criterios pedagóxicos para a elaboración dos horarios dos alumnos.

h) Aproba a planificación xeral das sesións de avaliación e cualificación.

i) Analizar e valora-lo rendemento escolar do centro mediante os resultados das avaliacións e outros parámetros que se consideren pertinentes.

j) Coñece-las candidaturas á dirección e os programas presentados polos candidatos.

k) Coordina-las funcións referentes á orientación, tutoría, avaliación e recuperación dos alumnos e alumnas.

l) Analizar e valora los resultados da avaliación que do centro realice a Administración educativa ou calquera informe referente á súa marcha.

m) Colaborar coa inspección educativa nos planos de avaliación do centro.

n) Analizar e valora-lo funcionamento xeral do centro e a súa situación económica, así como propor

todo tipo de iniciativas que tendan a mellora-lo funcionamento en calquera dos seus aspectos.

ñ) Realiza-lo proceso de autoavaliación do centro nos aspectos da súa competencia así como participar nos procesos de avaliación externa.

o) Calquera outra función dentro do ámbito das súas competencias

3. Reunións: o Claustro reunirse, alomenos, unha vez ó trimestre, e sempre que o convoque o director ou o solicite un tercio, alomenos, dos seus membros. En calquera caso haberá unha reunión ó principio do curso e outra ó remate del.

A asistencia dos profesores e profesoras ás sesións do claustro será obrigatoria.

Artigo 11º.-Procedemento de elección, constitución, renovación, substitución e funcionamento dos órganos colexiados de goberno.

1. Temporalización: o procedemento de elección dos membros do Consello Escolar dos centros públicos integrados desenvolverase no primeiro trimestre do curso académico que corresponda e dentro do período lectivo. A data de celebración das eleccións será fixada, cun mes de antelación, pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A elección do Consello Escolar e a súa constitución nos centros de nova creación efectuarase no mes de outubro, de acordo co procedemento establecido no Decreto 92/1988, do 28 de abril, e neste regulamento.

A condición de membro electo adquirese por catro anos, renovándose a metade dos membros de cada sector cada dous anos, sen prexuízo de cubri-las vacantes que se produzan. Neste último suposto, a condición de membro electo estenderase ata a data de finalización prevista para o mandato do membro substituído.

2. Organización e supervisión do procedemento. A xunta electoral: a organización e supervisión do procedemento de elección dos membros do Consello Escolar estará a cargo da xunta electoral que se constituirá en cada centro, nas datas que fixe a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e que estará integrada polo director do centro, un profesor ou profesora, un pai ou nai de alumno ou titor legal, ordinario ou persoa que ostente a garda e protección do menor, un representante do persoal de administración e servizos, e un alumno ou alumna da educación secundaria obrigatoria;

designados os catro últimos por sorteo público no que se preverá a designación de membros suplentes.

3. Competencias da xunta electoral: serán competencias da xunta electoral as seguintes:

- Aprobar e publica-los censos electorais, que deberán reflectir, en todo caso, nome e apelidos dos electores.

- Concreta-lo calendario electoral.

- Ordena-lo proceso electoral.

- Admitir e proclamar candidatos.

- Promove-la constitución das distintas mesas electorais.

- Resolve-las reclamacións presentadas contra as resolucións das mesas electorais.

- Proclama-los candidatos elixidos e remiti-las correspondentes actas á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

4. Electores e elixibles. Candidaturas e representantes: son electores e elixibles tódolos membros da comunidade escolar coas excepcións sinaladas neste regulamento, pero cada membro soamente poderá ser candidato por un dos sectores da comunidade escolar.

O equipo directivo do centro, o representante do concello e o membro designado pola asociación de pais e nais de alumnos máis representativa non poderán simultanea-la súa condición coa de representante de ningún sector da comunidade educativa.

O prazo de admisión de candidatos non será inferior a sete días. Pechado este, a xunta electoral fará pública a proclamación deles.

Contra o acordo de proclamación poderase reclamar no prazo dos dous días seguintes. A xunta electoral resolverá no seguinte día hábil e contra a súa decisión poderá interpoñerse recurso, que non terá efectos suspensivos, perante o delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Na primeira constitución, e sempre que se produza unha renovación parcial, a xunta electoral solicitará do concello no que estea situado o centro, a designación dun representante para formar parte do Consello Escolar. O mesmo procedemento seguirase para a designación do representante da asociación de pais máis representativa.

Os representantes do profesorado no Consello Escolar do centro serán elixidos polo claustro de entre os membros del que fosen proclamados pola xunta electoral. As candidaturas publicaranse no taboleiro de anuncios cunha antelación mínima de 48 horas.

Os representantes do alumnado no Consello Escolar elixiranse polos alumnos e alumnas matriculados e escolarizados na educación secundaria de entre os admitidos pola xunta electoral.

O voto será directo, secreto e non delegable.

5. Elección dos representantes do profesorado: o director do centro procederá a convoca-lo Claustro de Profesores, para dar lectura ás normas deste regulamento no relativo ó procedemento de elección dos

representantes do profesorado no Consello Escolar, así como a relación de candidatos proclamados como tales pola xunta electoral. Nesta sesión fixaranse a data de

celebración do claustro, de carácter extraordinario, que terá como único punto da orde do día a elección de representantes do profesorado no Consello Escolar.

Na sesión do claustro extraordinario constituirase unha mesa electoral integrado polo director do centro, que actuará como presidente e os profesores de maior e de menor idade, actuando este último como secretario.

Cada profesor ou profesora fará constar na súa papeleta un máximo de un, dous, tres, catro ou cinco nomes da lista de candidatos, segundo corresponda a elección de menos de tres, catro, cinco ou máis profesores respectivamente, sendo elixidos os profesores con maior número de votos.

Se na primeira votación non resultase elixido o número de profesores que corresponda, procederase a realizar no mesmo acto sucesivas votacións ata acadalo dito número, sen prexuízo de que a falta de representantes por causas imputables a este sector non invalidará a constitución do Consello Escolar.

6. Elección dos representantes dos pais, nais ou titores do alumnado: a representación dos pais e nais do alumnado no Consello Escolar correspóndelles a estes ou os representantes legais, independentemente do número de fillos ou tutelados escolarizados no centro. O dereito a elixir e ser elixido correspóndelles ó pai e á nai, ou, se é o caso, ós titores legais, ordinarios ou persoa que ostente a garda e protección do menor.

As asociacións de pais e nais de alumnos poderán presentar candidaturas diferenciadas nos termos que se establezan nas correspondentes convocatorias.

A elección producirase entre os/as candidatos admitidos e proclamados como tales pola xunta electoral. Para este efecto constituirase unha mesa electoral integrada polo director do centro, que actuará como presidente, e catro pais, nais ou titores legais, ordinarios ou persoas que ostenten a garda e protección designados por sorteo público entre os que non se presenten como candidatos, actuando como secretario o de menor idade. A xunta deberá preve-lo nomeamento de suplentes, designados tamén por sorteo. No suposto de que non se presentasen os membros da mesa electoral no momento da súa constitución, constituirase co director e cos dous primeiros votantes, sempre que estes non sexan candidatos.

A mesa electoral encargarse de presidi-la votación, conserva-la orde, velar pola pureza do sufraxio e realiza-lo escrutinio.

Poderán actuar como supervisores da votación os pais, nais, ou titores legais ou ordinarios ou persoas que ostenten a garda e protección, do alumnado

matriculado no centro, propostos por cada unha das asociacións de pais de alumnos existentes nel ou avalados para iso pola sinatura de 10 electores.

O censo electoral deberá expoñerse no taboleiro de anuncios do centro con 10 días, alomenos, de anticipación á data fixada para o acto electoral, para a comprobación e posible reclamación por parte do colectivo anteriormente citado.

O voto será directo, secreto e non delegable. Cada elector, que deberá acredita-la súa personalidade mediante a presentación do documento nacional de identidade ou calquera outro documento acreditativo, fará constar na súa papeleta un, dous ou tres nomes da lista de candidatos e candidatas, segundo corresponda elixir menos de tres, tres ou máis de tres pais, nais ou titores legais, ordinarios ou persoas que ostenten a garda e protección do menor, respectivamente.

A elección realizarase nun horario que permita a maior participación electoral.

7. Elección dos representantes dos alumnos e alumnas: tódolos alumnos e alumnas de educación secundaria matriculados e escolarizados no centro son electores e elixibles para o Consello Escolar, coas atribucións que lles corresponden ós seus membros; non obstante, os representantes dos alumnos e alumnas que sexan do 1º ciclo de educación secundaria obrigatoria non poderán participar na elección e na revogación do director.

A mesa electoral estará integrada polo director do centro, que actuará como presidente, e dous alumnos ou alumnas de entre os electores e elixibles designados por sorteo, actuando como secretario o alumno ou alumna de menor idade.

A xunta electoral deberá preve-lo nomeamento de suplentes, designados tamén por sorteo.

O voto será directo, secreto e non delegable. Cada elector fará constar na súa papeleta un, dous ou tres nomes, da lista de candidatos admitidos pola xunta electoral, segundo corresponda elixir menos de tres, tres ou máis de tres, respectivamente.

Poderán actuar como supervisores da votación os alumnos e alumnas que sexan propostos por cada unha das asociacións de alumnos e alumnas no centro ou avalados pola sinatura de dez electores.

8. Elección do representante do persoal de administración e servizos: o representante do persoal de administración e servizos será elixido, cando corresponda, polo persoal que realiza no centro funcións desta natureza, sempre que estea vinculado a el por relación xurídica, administrativa ou laboral, tendo todo o persoal que reúna os requisitos indicados a condición de elector ou elixible, debendo, en todo caso, presenta-la oportuna candidatura perante a xunta electoral.

Para a elección do citado representante constituirase unha mesa electoral integrada polo director, que actuará como presidente, o secretario do centro e o membro do citado persoal de maior idade.

O voto será directo, secreto e non delegable, facendo constar na papeleta o nome da persoa á que se lle outorga a representación.

Nos centros docentes nos que exista un só membro correspondente a este sector quedará automaticamente integrado no Consello Escolar.

9. Escrutinio e actas: cada mesa electoral, unha vez finalizada a votación correspondente, procederá ó escrutinio dos votos, que será público. Logo de efectuado, redactarase unha acta, que asinarán tódolos membros da mesa, na que se farán constar os representantes elixidos, co número de votos acadados por cada un e os nomes de tódolos non elixidos, con especificación dos votos obtidos en cada caso, para efectos de posibles substitucións futuras dos candidatos proclamados.

Tamén se recollerá nas actas cantas incidencias se produzan e as posibles observacións que fagan os supervisores, se é o caso.

Os empates que se puidesen producir en número de votos dirimirase a prol dos que posúan maior antigüidade no centro e, en caso de igualdade, a elección dirimirase por sorteo. Daráselle traslado das actas á xunta electoral do centro.

10. Proclamación de candidatos: unha vez recibidas as actas, a xunta electoral do centro procederá á proclamación dos candidatos elixidos, dando traslado da copia das mesmas ó delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Contra as decisións da citada xunta poderase presentar por un prazo de quince días reclamación perante o delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. A resolución deste porá fin á vía administrativa.

11. Constitución do Consello Escolar: o consello escolar constituirase, logo da convocatoria dos seus membros polo director ou directora do centro, dentro dos 10 días seguintes ó da proclamación dos candidatos electos.

A falta de representantes dalgún dos sectores da comunidade escolar, por causas imputables a eles, non invalidará a constitución do Consello Escolar.

Se esta última circunstancia se producise, a maioría absoluta quedará conformada en relación ó número de membros que compoñen efectivamente o Consello Escolar.

12. Centros de nova creación: no caso dos centros de nova creación e sempre que deban ser elixidos tódolos membros, para a constitución do Consello Escolar dos centros públicos integrados cada elector

fará constar na súa papeleta un máximo dun, dous, tres, catro ou cinco nomes segundo corresponda elixir menos de tres, tres, catro, cinco ou máis representantes respectivamente.

13. Primeira renovación parcial: producirase ó cabo dun ano ou dous, coincidindo coa renovación do resto dos consellos escolares no ámbito da Comunidade Autónoma.

Sen prexuízo do anterior, dous anos despois de que se constituía o Consello Escolar con tódolos membros, levarase a cabo a súa primeira renovación parcial e serán substituídos os seguintes membros:

a) Se o número total de membros electos do respectivo sector é par, renovarase a metade dos membros,

b) Se o número total de membros electos do respectivo sector é impar, procederase do seguinte xeito:

-Se o número total é de 1 membro: renóvase este membro.

-Se o número total é de 3 membros: renóvase un membro.

-Se o número total é de 5 membros: renóvanse 2 membros.

-Se o número total é de 7 membros: renóvanse 3 membros.

Para a determinación das persoas concretas substituídas haberá que se ater inicialmente á voluntariedade. Se esta non se producise, os afectados serían os seguintes:

-Profesorado: menor antigüidade no centro, no corpo, e menor idade, por esta orde.

-Pais e nais de alumnos e alumnas: os que antes vaian deixar de formar parte da comunidade educativa, tendo en conta o curso escolar dos seus fillos. En caso de igualdade, determinarase por orde alfabética, sendo o afectado o que primeiro apareza nesa orde.

-Alumnado: os que antes vaian deixar de ser alumnos do centro. En caso de igualdade, aplicarase o criterio sinalado no parágrafo anterior para os pais e nais de alumnos e alumnas.

Dous anos despois, substituiranse os membros non afectados na renovación parcial citada.

Os membros da comunidade escolar soamente poderán ser elixidos polo sector correspondente e poderán ser candidatos para a representación dun só destes sectores, aínda que pertencen a máis dun.

14. Baixas e procedemento para cubri-las vacantes: os membros electos renovaranse de acordo co establecido no punto anterior deste artigo. Aqueles representantes elixidos que no transcurso do tempo deixaran de te-los requisitos necesarios para poder

pertencer ó Consello Escolar ou por calquera outra circunstancia, serán substituídos polos seguintes candidatos de acordo co número de votos obtidos, empregando para estes efectos a lista da última renovación parcial, independentemente de que a vacante que se vaia cubrir corresponda a unha renovación parcial anterior. No caso de que non houberse candidatos para cubri-la vacante, quedaría sen cubrir ata a próxima renovación do Consello Escolar.

As vacantes que se produzan a partir do mes de setembro anterior a calquera renovación parcial cubriranse na dita renovación e non por substitución.

Seguirase o mesmo procedemento para cubri-las vacantes orixinadas por calquera outra circunstancia, así como as existentes por non se ter completado o sector no seu día.

No caso de que nunha renovación parcial haxa vacantes que pertencen á renovación parcial anterior, os postos da renovación actual cubriranse cos candidatos máis votados e as vacantes cos seguintes en número de votos. Estas últimas renovaranse na seguinte elección parcial.

15. Procedemento para cubri-los postos de designación de representantes: na primeira constitución e sempre que se produza unha renovación parcial, a xunta electoral solicitaralle ó concello do termo municipal no que estea situado o centro e á asociación de pais de alumnos, legalmente constituída e máis representativa, segundo o procedemento establecido no artigo 9º.3 deste regulamento, a designación dos seus correspondentes representantes.

Artigo 12º.-Reglas de constitución e funcionamento dos órganos colexiados de goberno.

1. Celebración de sesións: o quórum para a válida constitución, para os efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirá a presenza do presidente e secretario ou, de se-lo caso, dos que os substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

Se non existise quórum, o órgano constituirase en segunda convocatoria no seguinte día lectivo, no mesmo lugar e na mesma hora; neste caso será suficiente a asistencia da terceira parte dos membros, e, en todo caso, un número non inferior a tres, sen prexuízo da presenza do presidente e do secretario ou persoas que os substitúan.

Sen prexuízo do anterior, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá establecer, con carácter excepcional, a esixencia de maiorías cualificadas na toma de determinadas decisións de especial importancia para o funcionamento do centro e que afecten o conxunto da comunidade educativa.

Para os efectos de cómputo de votos para a toma de decisións soamente se contabilizarán os membros con dereito a voto.

2. Reunións: os órganos colexiados reuniranse preceptivamente en sesión ordinaria, como mínimo, unha vez ó trimestre e sempre que o convoque o seu presidente ou o solicite un tercio, polo menos, dos seus membros. Neste último caso, o presidente realizará a convocatoria no prazo máximo de 20 días contados desde o seguinte día a

aquel no que se presente a petición. A sesión celebrarase como máximo no prazo dun mes contado desde o día seguinte á entrega da petición de convocatoria. En calquera caso, reuniranse ó principio de curso e ó remate del.

Nas reunións ordinarias o presidente remitiralles ós membros do órgano, xunto coa convocatoria e cunha antelación mínima dunha semana, a documentación necesaria para o mellor desenvolvemento da sesión. Se os asuntos que se van tratar así o aconsellan, poderán realizarse convocatorias extraordinarias cunha antelación mínima de corenta e oito horas e sen suxeición a prazo previo nos casos de urxencia.

Os membros electos dos órganos de goberno ou das comisións que se constitúan non estarán suxeitos a mandato imperativo no exercicio da súa representación, estando obrigados a informa-los seus representados das súas actuacións.

Os representantes no Consello Escolar terán o deber de confidencialidade nos asuntos relacionados con persoas concretas, e que poidan afectar á súa imaxe.

Cando na orde do día do Consello Escolar se inclúan temas relacionados coa actividade do centro, que estean baixo a tutela dalgún membro que non forme parte do Consello Escolar, poderáselle convocar á sesión co fin de que informe sobre o tema en cuestión.

A asistencia dos profesores pertencentes ó Consello Escolar ás reunións deste será obrigatoria, celebrándose as susoditas en día e hora que possibiliten a asistencia de tódolos membros.

TÍTULO II

Órganos de coordinación docente

Capítulo I

Artigo 13º.-Órganos de coordinación.

Nos centros públicos integrados existirán os seguintes órganos de coordinación docente:

- a) Equipos de ciclo na educación primaria.
- b) Departamentos didácticos na educación secundaria.
- c) Comisión de coordinación pedagóxica.
- d) Titores.
- e) Equipo de normalización lingüística.
- f) Departamento de orientación.
- g) Equipo de actividades extraescolares e complementarias.
- h) Atención ós alumnos con necesidades educativas especiais.
- i) Coordinación de formación en centros de traballo, no caso de que se impartiran dous ou máis grupos de ciclos formativos ou programas de garantía social.

Capítulo II

Equipos de ciclo

Artigo 14º.-Composición.

Os mestres de educación primaria e de educación infantil, se é o caso, constituirán equipos de ciclo, que agruparán a tódolos mestres que impartan docencia nel. Son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver, baixo a supervisión do xefe de estudos de educación infantil e primaria, as ensinanzas propias do ciclo.

Artigo 15º.-Competencias.

Son competencias dos equipos de ciclo:

- a) Formularlle ó equipo directivo e ó Claustro de Profesores propostas relativas á elaboración do proxecto educativo e á programación xeral anual.
- b) Formularlle á comisión de coordinación pedagóxica propostas relativas á elaboración dos proxectos curriculares de etapa ou a modificación deles.

- c) Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- d) Elabora-la programación didáctica das ensinanzas que ten encomendadas, seguindo as directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica.
- e) Promove-la investigación educativa e propoñerlle ó xefe de estudos de educación infantil e primaria as actividades de perfeccionamento do profesorado.
- f) Propo-los criterios de promoción de ciclo.
- g) Aproba-lo calendario, plan de reunións e programa de actividades do ciclo.
- h) Establece-las coordinacións necesarias entre os titores, resto do profesorado e as familias.
- i) Realiza-las adaptacións curriculares necesarias para os alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais, co asesoramento do departamento de orientación.

Artigo 16º.-Dirección.

Cada equipo de ciclo estará dirixido por un coordinador, que desempeñará as súas funcións durante dous cursos académicos, sempre que siga formando parte do ciclo, e serán designados polo director do centro, por proposta do equipo de ciclo.

Deberán ser mestres que impartan docencia no ciclo, preferentemente con destino definitivo e horario completo no centro.

Artigo 17º.-Competencias do coordinador.

Correspóndelle ó coordinador de ciclo as competencias seguintes:

- a) Dirixir e coordina-las actividades académicas do equipo de ciclo.
- b) Convocar e presidi-las reunións do equipo de ciclo
- c) Participar na elaboración do proxecto curricular de etapa e elevarlle á comisión de coordinación pedagóxica as propostas formuladas a este respecto polo equipo de ciclo.
- d) Coordina-las funcións de tutoría dos alumnos e alumnas de ciclo
- e) Coordina-lo ensino no correspondente ciclo de acordo co proxecto curricular de etapa.
- f) Responsabilizarse da redacción da programación didáctica do ciclo.
- g) Responsabilizarse de que se levante acta das reunións e de que se elabore a memoria final de curso.
- h) Coordina-la organización de espazos e instalacións e velar pola correcta conservación do equipamento específico do equipo.
- i) Colaborar co secretario na elaboración e actualización do inventario do centro.
- j) Aqueloutras funcións que lle encomende o xefe de estudos de educación primaria na área da súa competencia, especialmente as relativas ó reforzo educativo, adaptación curricular e actividades complementarias.

Artigo 18º.-Cesamento dos coordinadores de ciclo.

Cesarán nas súas funcións ó final do seu mandato ou ó producirse algunha das causas seguintes:

- a) Renuncia motivada aceptada polo director, oído o equipo de ciclo.
- b) Revogación polo director, por proposta do equipo de ciclo mediante informe razoado, con audiencia do interesado.
- c) Traslado de centro ou outras circunstancias.

Cando cese antes de finaliza-lo prazo para o que foi nomeado, o director nomeará un mestre que o substitúa ata o 30 de xuño, de acordo co procedemento sinalado no artigo dezaseis deste regulamento.

Artigo 19º.-Aspectos da programación didáctica.

A programación didáctica dos equipos de ciclo incluírá, necesariamente, os seguintes aspectos:

- a) Os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, con especial referencia ós mínimos esixibles.
- b) A metodoloxía didáctica que se vai aplicar.
- c) Os procedementos de avaliación da aprendizaxe dos alumnos e alumnas.
- d) As actividades de recuperación e os reforzos para logra-la dita recuperación.
- e) Os materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar, incluídos os libros para uso dos alumnos.
- f) A programación correspondente ós temas transversais
- g) As actividades complementarias e extraescolares que se pretenden realizar desde o equipo de ciclo.
- h) As medidas de atención á diversidade e, se é o caso, as adaptacións curriculares para os alumnos que as precisen.

Os profesores programarán a súa actividade docente de acordo coas programacións didácticas do ciclo ó que pertencen, incluídas no correspondente proxecto curricular de etapa. No caso de que algún profesor decida incluír na programación da súa actividade docente algunha variación con respecto á programación conxunta do equipo, esta variación e a xustificación correspondente incluírase na programación deste, sempre que así o acorde o equipo de ciclo, ou, en último caso, a comisión de coordinación pedagóxica.

Capítulo III

Departamentos didácticos

Artigo 20º.-Definición.

Son os órganos básicos de participación docente no ámbito pedagóxico da educación secundaria, baseados nos principios de traballo en equipo, encargados de organizar e desenvolver-las ensinanzas propias das áreas, materias ou módulos profesionais correspondentes, e as actividades que se lles encomenden, dentro do ámbito das súas competencias, como medio para a mellora do ensino e do perfeccionamento do profesorado.

Artigo 21º.-Composición.

Estarán compostos por tódolos profesores e profesoras que impartan o ensino propio das áreas, materias ou módulos profesionais asignados ó departamento, se é o caso.

Cando nun departamento se integren profesores de máis dunha das especialidades establecidas, a programación e impartición das áreas, materias ou módulos de cada especialidade corresponderalles ós profesores respectivos.

Cando nun centro se impartan materias que, ou non están asignadas a un departamento, ou ben poden ser impartidas por profesores de distintos departamentos e a prioridade da súa atribución non estea establecida pola normativa vixente, o director, por proposta da comisión de coordinación pedagóxica, adscribirá as ditas ensinanzas a un dos departamentos. Éste será o responsable de resolver tódalas cuestións relativas a esa materia ou módulo asignada, do xeito que se establece no artigo seguinte.

Artigo 22º.-Estructura.

Segundo as ensinanzas impartidas no centro, poderanse constituír:

-Artes plásticas, ciencias naturais, economía, educación física e deportiva, filosofía, física e química, formación e orientación laboral, francés, grego, inglés, latín, lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura, matemáticas, música, relixión, tecnoloxía, e xeografía e historia.

Poderán constituírse ademais departamentos doutras linguas estranxeiras, cando sexan impartidas como primeira lingua con reflexo no cadro de persoal do centro. Nos centros públicos integrados nos que puidese ser determinado pola Administración educativa a impartición de formación profesional específica, constituiranse departamentos de familia profesional. Estes agruparán a tódolos profesores e profesoras que impartisen formación profesional específica en ciclos formativos e programas de garantía social dunha mesma familia profesional.

Artigo 23º.-Competencias.

Son competencias dos departamentos didácticos as seguintes:

- a) Formular propostas ó equipo directivo e ó claustro relativas á elaboración do proxecto educativo do centro e a programación xeral anual.
- b) Formular propostas á comisión de coordinación pedagóxica relativas á elaboración dos proxectos curriculares de etapa.
- c) Elaborar, antes do comezo do curso académico, a programación didáctica das ensinanzas correspondentes ás áreas, materias e módulos integrados no departamento, baixo a coordinación e dirección do seu xefe de estudos, e de acordo coas directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica. A programación didáctica incluirá, para cada etapa, os aspectos sinalados no artigo 27º deste regulamento.
- d) Promove-la investigación educativa e propoñerlle ó xefe de estudos de educación secundaria as actividades de perfeccionamento do profesorado.
- e) Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- f) Colaborar co departamento de orientación na prevención e detección temperá de problemas de aprendizaxe, así como na programación e aplicación de adaptacións e diversificacións curriculares, actividades de reforzo, ampliación e actividades de recuperación para os alumnos que o precisen.
- g) Organizar e realizar actividades complementarias en colaboración co departamento correspondente.
- h) Organizar e realiza-las probas necesarias para os alumnos de secundaria con materias ou módulos pendentes e, se é o caso, para os alumnos libres.
- i) Resolve-las reclamacións derivadas do proceso de avaliación que os alumnos lle formulen ó departamento e dicta-los informes pertinentes.
- j) Elaborar, a fin de curso, unha memoria na que se avalíe o desenvolvemento da programación didáctica e os resultados obtidos.
- k) Propoñer materias optativas dependentes do departamento, que serán impartidas polos seus profesores.

Artigo 24º.-Xefatura dos departamentos.

A xefatura dos departamentos será desempeñada polo profesor funcionario de carreira en situación de servizo activo no corpo de catedráticos numerarios de bacharelato á

entrada en vigor da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, con destino definitivo no centro, designado polo director, por proposta do departamento, e nomeado polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. No caso de que non exista proposta, o director do centro, oído o departamento, designará un deles.

Se non existise profesorado que reúna os requisitos anteriores, ou existindo, que non puidese desempeñar a dita xefatura por ter outro cargo ou por outra circunstancia, desempeñará un funcionario do corpo de profesores de ensino secundario coa condición de catedrático adquirida. Se hai máis dun, a xefatura será desempeñada polo que teña a condición de catedrático adquirida que designe o director, por proposta do departamento.

Se non hai ningún profesor coa condición anterior, a xefatura será desempeñada por funcionarios de carreira do corpo de profesores de ensino secundario ou, se é o caso, do corpo de profesores técnicos de formación profesional, con destino definitivo no centro, que designe o director, por proposta do departamento.

Desempeñarán o seu cargo durante catro cursos académicos, renovables, de se-lo caso.

Nos casos nos que non haxa profesores de ensino secundario ou profesores técnicos de formación profesional con destino definitivo, a xefatura de departamento recaerá, por esta orde, nun profesor de ensino secundario ou nun profesor técnico de formación profesional en expectativa de destino, nun mestre con destino definitivo no centro, nun profesor en

prácticas ou nun profesor interino. Nestes casos, o nomeamento terá a duración dun curso académico.

Artigo 25º.-Competencias dos xefes de departamento.

Son as seguintes:

- a) Representa-lo departamento na comisión de coordinación pedagóxica.
- b) Participar na elaboración do proxecto curricular de etapa.
- c) Responsabilizarse da redacción da programación didáctica das áreas, materias ou módulos que se integran no departamento.
- d) Dirixir e coordina-las actividades académicas do departamento.
- e) Convocar e presidir-las reunións ordinarias do departamento e as que, con carácter extraordinario, fose preciso celebrar.
- f) Responsabilizarse de que se levante acta de reunión do departamento e de que se elabore a memoria de final de curso.
- g) Darlles a coñecer ós alumnos e alumnas a información relativa á programación, con especial referencia ós obxectivos, ós mínimos esixibles e ós criterios de avaliación, elaborados polo departamento.
- h) Realiza-las convocatorias, cando corresponda, dos exames para os alumnos e alumnas libres de bacharelato ou ciclos formativos con materias ou módulos profesionais pendentes, se é o caso, así como as probas extraordinarias, sempre en coordinación coa xefatura de estudos. Presidi-la realización dos exercicios correspondentes e avalialos en colaboración cos membros do departamento.
- i) Realiza-lo seguimento da programación didáctica do departamento, velando polo seu cumprimento e a correcta aplicación dos criterios de avaliación.

j) Resolve-las reclamacións de final de curso que afecten ó seu departamento, de acordo coas deliberacións dos seus membros, e elabora-los informes pertinentes.

k) Coordina-la organización de espazos e instalacións e velar pola correcta conservación do equipamento específico do departamento.

l) Colaborar co secretario na elaboración e actualización do inventario do centro.

Os xefes dos departamentos de familia profesional, se é o caso, terán, ademais das especificadas, as seguintes competencias:

a') Coordina-la programación dos ciclos formativos

b') Colaborar co xefe de estudos de educación secundaria e cos departamentos correspondentes na planificación da oferta de materias e actividades de

iniciación profesional na educación secundaria obrigatoria, e de materias optativas de formación profesional de base no bacharelato.

c') Colaborar, se é o caso, co xefe de departamento de formación en centros de traballo e cos titores dos ciclos formativos ou programas de garantía social no fomento das relacións cos centros de traballo que participen na formación práctica dos alumnos.

Artigo 26º.-Cesamento dos xefes de departamento.

Cesarán nas súas funcións polas seguintes causas:

a) Remate do seu mandato.

b) Traslado temporal ou definitivo, voluntario ou forzoso, pase á situación de servizos especiais, xubilación, excedencia voluntaria ou forzosa.

c) Cesamento polo delegado Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de oficio ou por proposta do director do centro, a causa de incumprimento grave de funcións, oído, se é o caso, o director, o departamento e o propio interesado.

d) Renuncia motivada e aceptada polo director.

Cando remate o seu mandato ou sexa cesado nas súas funcións por calquera causa das citadas, o director procederá a designar ó novo xefe de departamento, de acordo co establecido no artigo 24º deste regulamento.

Artigo 27º.-Aspectos da programación.

1. Cada departamento elaborará a programación das ensinanzas que ten encomendadas, agrupadas nas etapas correspondentes, seguindo as directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica.

Esta programación incluírá, para cada unha das áreas, materias ou módulos, se é o caso, asignados a el ou integrados nel, os aspectos seguintes:

a) Obxectivos, contidos e criterios de avaliación para o primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria e para cada un dos cursos do segundo ciclo, con especial referencia ós mínimos esixibles. No suposto de existir bacharelato ou ciclos formativos, os obxectivos, contidos e criterios de avaliación referiranse a cada curso.

b) A distribución temporal dos contidos.

c) A metodoloxía didáctica que se vaia aplicar.

d) Os procedementos e criterios de avaliación da aprendizaxe dos alumnos e alumnas.

e) Criterios de promoción que se vaian seguir, con especial referencia ós mínimos esixidos, e os criterios de cualificación.

- f) Estratexias de traballo dos temas transversais
- g) Materiais e recursos didácticos que se van utilizar.
- h) Actividades complementarias e extraescolares que se pretenden realizar.
- i) Medidas de atención á diversidade e, se é o caso, as adaptacións curriculares para os alumnos e alumnas que as necesiten.

j) Actividades de recuperación e reforzo

2. Os profesores programarán a súa actividade docente de acordo coas programacións didácticas dos departamentos ós que pertencen. No caso de que algún profesor decida incluír na programación da súa actividade docente algunha variación con respecto á programación conxunta do departamento, como consecuencia do establecemento de acordos do equipo educativo para lles dar resposta ás necesidades educativas do grupo, a dita variación, e a xustificación correspondente, deberá ser incluída na programación didáctica do departamento, sempre que así o acorde o departamento ou, en último caso, a comisión de coordinación pedagóxica.

Capítulo IV

Comisión de coordinación pedagóxica

Artigo 28º.-Definición.

É o órgano de coordinación dos diferentes equipos e departamentos docentes.

Artigo 29º.-Composición.

Estará integrada:

- a) O director, que será o seu presidente.
- b) Os xefes de estudos.
- c) Os xefes dos departamentos.
- d) O coordinador do equipo de normalización lingüística.
- e) O profesor de apoio a alumnos con necesidades educativas especiais.
- f) O coordinador de formación en centros de traballo, se é o caso.
- g) Os coordinadores de ciclo de educación infantil e primaria.

Actuará como secretario un membro da comisión, designado polo director, oídos os distintos membros.

Artigo 30º.-Competencias.

Son as seguintes:

a) Elevar propostas ó Claustro de Profesores co fin de establecer os criterios para a elaboración dos proxectos curriculares.

b) Velar para que a elaboración dos proxectos curriculares de etapa nos que se incluíra o plan de orientación académica e profesional e o plan de

acción tutorial se realice conforme os criterios establecidos polo claustro.

c) Asegurar a coherencia entre o proxecto educativo do centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.

d) Establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos departamentos, do plan de orientación académica e profesional, do plan de acción tutorial, así como das adaptacións curriculares e dos programas de diversificación curricular e de garantía social, incluídos no proxecto curricular.

e) Proponerlle ó Claustro de Profesores os proxectos curriculares para a súa aprobación.

f) Velar polo cumprimento e posterior avaliación dos proxectos curriculares de etapa.

g) Proponer ó Claustro de Profesores a planificación xeral das sesións de avaliación e cualificación e o calendario de exames ou probas extraordinarias, de acordo coa xefatura de estudos.

- h) Canaliza-las necesidades de formación continuada do profesorado cara ó centro de formación continuada do profesorado.
- i) Propoñerlle ó director os profesores titores que han de formar parte do departamento de orientación.
- j) Realizar, de se-lo caso, a proposta ós xefes de estudos co fin de que se designe o responsable do equipo de actividades complementarias e extraescolares.
- k) Propoñe-los profesores que han de formar parte do equipo de normalización lingüística.

Capítulo V

Titores

Artigo 31º.-Ámbito.

A función titorial e orientación dos alumnos e alumnas, que forma parte da función docente, desenvolverase ó longo de tódalas etapas e ciclos.

Cada grupo de alumnos terá un titor. As titorías serán designadas polo director, por proposta dos xefes de estudos, oído o xefe do departamento de orientación, entre os profesores que impartan docencia a todo o grupo, procurando que a designación recaia no profesor con maior número de horas de docencia no grupo.

Artigo 32º.-Funcións.

Cada profesor-titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes funcións:

- a) Participar no desenvolvemento do plan da acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe de estudos que proceda e en colaboración co departamento de orientación.
- b) Proporcionarlles no principio de curso, ó alumnado e ós pais e nais de alumnos ou titores legais ou ordinarios, así como ás persoas ou institucións que ostenten a garda e protección do menor, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- c) Coñece-las características persoais de cada alumno a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- d) Coñece-los aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno.
- e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de busca-las respostas educativas adecuadas e solicita-los oportunos asesoramentos e apoios.
- f) Coordina-las adaptacións curriculares necesarias para os alumnos e alumnas do seu grupo.
- g) Facilita-la integración do alumnado no grupo e fomenta-la súa participación nas actividades do centro.
- h) Orienta-lo alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.

i) Informa-lo equipo de profesores do grupo de alumnos das súas características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.

j) Coordina-lo axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos.

k) Organizar e presidi-las sesións de avaliación do seu grupo.

l) Favorece-lo proceso de maduración vocacional orientando e asesorando ó alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.

m) Colaborar co departamento de orientación do centro nos termos que se establezan.

n) Colaborar cos demais titores e co departamento de orientación no marco dos proxectos educativos e curricular do centro.

ñ) Orienta-las demandas e inquedanzas do alumnado e mediar, en colaboración co delegado do grupo, ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.

o) Informa-lo alumnado, os pais e nais ou representantes legais e o profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.

p) Facilita-la cooperación educativa entre o profesorado e os pais e nais dos alumnos ou representantes legais.

q) Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os membros do equipo docente.

r) Cubri-los documentos oficiais relativos ó seu grupo de alumnos.

s) Controla-la falta de asistencia ou puntualidade do alumnado e ter informados os pais e nais ou representantes legais e o xefe de estudos que proceda.

t) Implica-las familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.

u) Atender, xunto co resto do profesorado, ós alumnos e alumnas mentres estes permanezan no centro nos períodos de lecer.

No suposto de existiren ciclos formativos de formación profesional, o titor asumirá tamén, respecto ó módulo de formación en centros de traballo, as seguintes funcións:

a') Elabora-lo programa formativo do módulo, en colaboración co responsable designado para estes efectos polo centro de traballo.

b') Avalia-lo módulo, tendo en conta o informe do responsable designado por parte do centro de traballo sobre as actividades realizadas polos alumnos e alumnas durante o período de estadía nese centro.

c') Manter contactos periódicos co responsable designado polo centro de traballo, co fin de contribuír a que o programa de formación se axuste á cualificación que se pretende.

d') Atender no centro educativo os problemas de aprendizaxe que presente o seu grupo de alumnos e valorar de xeito continuado as actividades correspondentes ó programa de formación.

e') Informar sobre as peticións de validacións ou exencións formuladas polo alumnado do ciclo formativo.

f') Tramitar para o seu grupo de alumnos a documentación relativa á formación en centros de traballo.

g') Axuda-lo departamento na identificación da necesidade de colaboración de expertos, así como calendario de intervención.

h') Propoñer, para a súa aprobación polo Consello Escolar, a distribución da asignación económica destinada a estas ensinanzas.

i') Informa-la dirección do centro de todo o referente ó ciclo formativo.

j') Redacta-la memoria final de curso, que se incluírá na memoria do centro.

Os xefes de estudos coordinarán e apoiarán o traballo dos titores e manterán as reunións periódicas necesarias para o bo funcionamento da acción tutorial.

O coordinador de formación en centros de traballo, se é o caso, coordinará os titores de ciclos formativos e programas de garantía social naqueles aspectos que lle son propios, para o que manterá as reunións periódicas necesarias con eles.

Capítulo VI

Equipo de normalización lingüística

Artigo 33º.-Definición, composición e nomeamento.

O equipo de normalización lingüística constitúese para potencia-lo uso da lingua galega, que estará formado, alomenos, polos seguintes membros:

a) Un profesor ou profesora que imparta docencia na educación primaria, por proposta da comisión de coordinación pedagóxica.

b) Un profesor ou profesora do nivel de educación infantil, se é o caso, por proposta da comisión de coordinación pedagóxica.

c) Un profesor ou profesora que imparta docencia na educación secundaria, por proposta da comisión de coordinación pedagóxica.

d) Tres alumnos ou alumnas, por proposta da xunta de delegados.

e) Un membro do persoal non docente, por proposta deles.

Os membros do equipo serán nomeados polo director do centro.

Poderán incorporarse ó traballo do equipo para temas puntuais outros membros da comunidade educativa.

Artigo 34º.-Competencias do equipo.

Serán as seguintes:

a) Presentar, a través do claustro, propostas ó equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.

b) Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:

b.1) Medidas para potencia-lo uso da lingua galega nas actividades do centro.

b.2) Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellora-la competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.

c) Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan específico para potencia-la presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc. no ensino.

d) Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos

obxectivos incluídos nos plans anteriores.

e) Presentar para a súa aprobación no Consello Escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.

f) Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establece na súa normativa específica.

Artigo 35º.-Coordinación.

Será desempeñada por un profesor ou profesora do equipo, preferentemente con destino definitivo no centro.

Artigo 36º.-Nomeamento, duración e cesamento do coordinador.

O coordinador, que será nomeado polo director por proposta dos compoñentes do equipo, desempeñará as súas funcións durante catro anos, renovables, se é o caso, e cesará ó remate deles ou cando se dea algunha das causas recollidas no artigo 26º deste regulamento.

Cando cese o coordinador do equipo de normalización lingüística antes de finaliza-lo prazo para o que foi designado, o director nomeará, de acordo co procedemento sinalado nese artigo, un profesor para o tempo que resta de mandato.

Artigo 37º.-Competencias do coordinador.

Serán as seguintes:

a) Colaborar na elaboración dos proxectos curriculares de etapa.

b) Responsabilizarse da redacción dos plans que serán propostos á comisión de coordinación pedagóxica.

c) Convocar e presidi-las reunións do equipo.

d) Responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da redacción da memoria final de curso, na que se fará unha avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria do centro.

e) Proporcionarlles ós membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións relacionados coa realidade galega.

Capítulo VII

Departamentos de orientación

Artigo 38º.-Existencia e composición.

Nos centros públicos integrados existirá un departamento de orientación que abranguerá no seu plan de actuación as escolas de educación infantil, os colexios de educación infantil e primaria, e os de educación primaria adscritos a él.

Formarán parte do departamento de orientación dos centros públicos integrados:

a) Os funcionarios de carreira do corpo de profesores de ensino secundario, da especialidade de psicoloxía e pedagogía existentes no centro.

b) O profesor ou profesora de pedagogía terapéutica e, naqueles centros nos que estea catalogado, o especialista de audición e linguaxe, que exercen a función de apoio á atención ó alumnado con necesidades educativas especiais, destinados no centro público integrado.

c) O xefe de departamento de orientación, se é o caso, de cada un dos colexios de educación infantil e primaria e de educación primaria adscritos ó centro público integrado.

d) Un titor ou titora por cada un dos ámbitos lingüístico-social e científico-tecnolóxico, designados polo director, por proposta da comisión de coordinación pedagóxica. Na designación procurarase que existan profesores de cada unha das etapas educativas que imparte o centro ou, cando corresponda, de distintos niveis educativos.

e) No suposto de impartirse a formación profesional específica, incorporárase ó departamento de orientación un profesor ou profesora que imparta a área de formación e orientación laboral designado polo director por proposta da comisión de coordinación pedagóxica.

f) Os coordinadores de ciclo e, se é o caso, un mestre de educación infantil, designado pola dirección, por proposta da comisión de coordinación pedagóxica.

g) O mestre responsable ou director de cada un dos centros incompletos de educación infantil, educación primaria e educación infantil e primaria incluídos dentro da zona educativa que se determine para os efectos da escolarización de alumnos.

Artigo 39º.-Funcións.

Serán as seguintes:

a) Valora-las necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.

b) Elaborar, de acordo coas directrices establecidas polas comisións de coordinación pedagóxica,

así como coordina-lo profesorado e ofrecerlle soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.

c) Participar na elaboración dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ó alumnado con necesidades educativas especiais e nos principios de avaliación formativa, e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.

d) Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos.

e) Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.

f) Facilitarlle ó alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para enfronta-los momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa e, cando corresponda, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a resolución de conflitos de relación interpersonal ou a transición á vida profesional.

g) Impulsa-la participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos e calquera outro relacionado co seu ámbito de actuación.

h) Promove-la cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos.

i) Favorece-lo proceso de maduración vocacional orientando e asesorando o alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais así como as ofertas do seu

contorno que lle faciliten elixir responsablemente.

j) Nos centros públicos integrados onde se imparta formación profesional específica, coordina-la orientación laboral e profesional con outras administracións ou institucións.

k) Asesora-la comisión de coordinación pedagóxica nos aspectos psicopedagóxicos de proxecto curricular.

l) Realiza-la avaliación psicolóxica e pedagóxica necesaria previa á incorporación ós programas de garantía social.

m) Participar na elaboración do consello orientador que, sobre o futuro académico e profesional do alumnado poida formularse ó remate da educación secundaria obrigatoria.

n) Aqueloutras que a Administración educativa lle puidese encomendar no ámbito das súas funcións.

Artigo 40º.-Xefatura do departamento.

A xefatura do departamento de orientación será desempeñada por un funcionario de carreira do corpo

de profesores de ensino secundario, da especialidade de psicoloxía e pedagogía existentes no centro, agás nos supostos establecidos no Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 41º.-Funcións do xefe de departamento.

A xefatura do departamento de orientación terá as seguintes funcións:

a) Dirixir e coordina-las actividades e actuacións propias do departamento.

b) Responsabilizarse da redacción do plan de actividades do departamento, velar polo seu cumprimento e elabora-la memoria final de curso.

c) Participar na elaboración do proxecto educativo e do proxecto curricular de etapa, representando ó departamento na comisión de coordinación pedagóxica.

d) Convocar e presidi-las reunións do departamento conforme co procedemento que se estableza.

e) Velar pola confidencialidade dos documentos, se é o caso.

f) Coordina-la organización de espazos e instalacións para a orientación, a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.

g) Realiza-las avaliacións psicopedagóxicas, se é o caso, e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme o procedemento que se estableza.

h) Facilita-la colaboración entre os membros dos departamentos de orientación implicados.

i) Coordinar, en colaboración co profesor ou profesora de apoio, a atención do alumnado con necesidades educativas especiais, elevándolle ós xefes de estudos, cando cumpra, a proposta de organización da docencia para este alumnado.

j) Aqueloutras funcións que a Administración educativa lle poida asignar referidas á orientación.

Artigo 42º.-Supervisión.

A Inspección educativa, no ámbito das súas competencias, velará polo cumprimento das funcións dos departamentos de orientación, realizará o seu seguimento, prestará o asesoramento necesario e impulsará a coordinación dos departamentos de orientación dos centros públicos integrados cos dos colexios de educación infantil e primaria, e cos dos colexios de educación primaria que lles estean adscritos.

Artigo 43º.-Cobertura de postos.

A cobertura dos postos de traballo dos departamentos de orientación dos centros públicos integrados farase de acordo co sinalado no artigo 12 do Decreto 120/1998.

Capítulo VIII

Equipo de actividades extraescolares e complementarias

Artigo 44º.-Definición.

Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espacio ou recursos que utilizan. Así cabe considera-las visitas, traballos de campo, viaxes de estudio, conmemoracións e outras semellantes.

Terán carácter de extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobado polo Consello Escolar, se realizan fóra de horario lectivo e nas que a participación é voluntaria.

Artigo 45º.-Funcións e membros do equipo.

O equipo de actividades extraescolares e complementarias encargárase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades. Estará integrado polo xefe deste equipo, que será un profesor definitivo do centro designado polo director, por proposta dos xefes de estudos e oída a comisión de coordinación pedagóxica, que actuará en estreita colaboración co equipo directivo, e, para cada actividade concreta, polo profesorado e alumnado responsable dela.

Será nomeado por un período de catro anos e cesará ó producirse algunha das circunstancias recollidas no artigo 7º deste regulamento.

Artigo 46º.-Funcións do xefe do equipo.

Terá, entre outras, as seguintes funcións:

a) Participar na elaboración do proxecto curricular de etapa.

b) Elabora-la programación anual destas actividades para o que se terán en conta as propostas dos departamentos, do profesorado, do alumnado e dos pais e nais e as orientacións do claustro e comisión de coordinación pedagóxica.

c) Programar cada unha das actividades especificando obxectivos, responsables, momento e lugar de realización, repercusións económicas e forma de participación do alumnado.

d) Proporcionar ó alumnado a información relativa ás actividades do equipo.

e) Promover e coordina-las actividades culturais e deportivas en colaboración co claustro, a comisión de coordinación pedagóxica, os departamentos, a xunta de delegados de alumnos e a asociación de pais.

f) Coordina-la organización das viaxes de estudio, os intercambios escolares e calquera tipo de viaxes que se realicen cos alumnos e alumnas.

g) Distribuí-los recursos económicos destinados para o efecto, procedentes de achegas de institucións, asociacións ou do propio centro, logo da aprobación polo Consello Escolar.

h) Organiza-la utilización da biblioteca do centro.
i) Elaborar unha memoria final de curso coa avaliación das actividades realizadas, que se incluírá na memoria de centro.

j) Presentarlle propostas ó equipo directivo para a relación e intercambio de actividades cos centros do seu contorno.

Artigo 47º.-Actividades realizadas fóra da localidade.

Para o desenvolvemento das actividades extraescolares que se realicen fóra da localidade onde está situado o centro, deberase contar, alomenos, cos seguintes requisitos:

a) Aprobación do Consello Escolar.

b) Autorización escrita dos pais, de tratarse de alumnos que están baixo a responsabilidade paterna, ou titor legal ou ordinario ou persoa que ostente a garda e protección do menor.

c) Os alumnos serán acompañados polo profesorado correspondente na proporción dun profesor por cada unidade. Poderá un profesor acompañar máis dunha unidade sempre e cando o total de alumnos non pase os 25 ou 30, segundo sexan de educación infantil ou primaria, ou secundaria, respectivamente.

Artigo 48º.-Convenios de colaboración.

Os centros públicos integrados, coa aprobación do Consello Escolar, poderán establecer convenios de colaboración con asociacións culturais ou entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actividades extraescolares e complementarias. Estes convenios deberán ser autorizados polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, director xeral de Centros e Inspección Educativa ou conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, segundo teñan incidencia provincial, autonómica ou estatal.

As administracións locais poderán colaborar cos centros educativos para impulsa-las actividades extraescolares e complementarias e promove-la relación entre a programación dos centros e o contorno socioeconómico no que estes desenvolven o seu labor.

Capítulo IX

Atención ós alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais

Artigo 49º.-Atención.

Os alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais recibirán atención docente directa por par

te dos profesores do grupo no que se integran, coa axuda, se é o caso, do profesorado de apoio na propia aula.

Excepcionalmente, en función das necesidades do alumnado e das adaptacións curriculares establecidas poderanse facer intervencións diferenciadas, debidamente temporalizadas, fóra da aula.

Artigo 50º.-Coordinación.

A coordinación será realizada polo profesor ou profesora de apoio á atención ós alumnos con necesidades educativas especiais.

Artigo 51º.-Funcións do profesor de apoio.

Ademais da atención docente directa que lles corresponda prestar ós alumnos en función das súas necesidades, o profesor que estea no centro como apoio á atención ós alumnos con necesidades educativas especiais desenvolverá as seguintes funcións:

- a) Coordinar, en colaboración cos xefes de estudos, as cuestións relacionadas coa educación e a estadia no centro dos alumnos e alumnas con algún tipo de minusvalidez física, psíquica ou sensorial.
- b) Colaborar coa comisión de coordinación pedagóxica na elaboración do plan de actuación respecto ó alumnado con necesidades educativas especiais.
- c) Orienta-lo profesorado que lles imparta docencia ós alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais, así como a eles mesmos e ós pais sobre cuestións de interese para a o seu desenvolvemento.
- d) Colaborar co profesor tutor e co resto do profesorado na elaboración das adaptacións curriculares e no seguimento e a avaliación delas.
- e) Aqueloutras funcións que se lle puidesen asignar no ámbito de apoio ó alumnado con necesidades educativas especiais.

Capítulo X

Coordinación de formación en centros de traballo

Artigo 52º.-Necesidade.

Nos centros públicos integrados nos que se impartan dous ou máis grupos de ciclos formativos ou programas de garantía social creárase a figura do coordinador de formación en centros de traballo. De impartirse soamente a un grupo, asumirá as súas funcións o seu titor.

Artigo 53º.-Designación do coordinador.

O coordinador de formación será designado polo director, preferentemente entre o profesorado técnico de formación profesional ou de tecnoloxía con destino definitivo no centro, por proposta do xefe de estudos, oídos os titores con alumnos de ciclos formativos ou programas de garantía social.

Artigo 54º.-Competencias do coordinador.

Serán competencias do coordinador:

- a) Supervisar e dirixi-lo programa de formación en centros de traballo.
- b) Encargarse por delegación do director, das relacións coas institucións empresariais, laborais, etc., que poidan estar interesadas no programa.
- c) Difundi-lo programa a nivel interno e externo.
- d) Controlar, supervisar e valora-las actividades levadas a cabo polos titores dos ciclos formativos e programas de garantía social, convocando, polo menos, unha reunión mensual con eles.
- e) Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación estableza na súa normativa específica.

Artigo 55º.-Mandato e cesamento do coordinador.

O mandato do coordinador será de catro anos, renovables, se é o caso, e cesará nas súas funcións ó final deles ou cando se dea algunha das causas recollidas no artigo 26º deste regulamento.

Cando se produza o cesamento antes do final do mandato, o director procederá a nomear novo coordinador de formación en centros de traballo.

TÍTULO III

Réxime de funcionamento

Capítulo I

Proxecto educativo do centro

Artigo 56º.-Autonomía organizativa e pedagóxica.

Os centros públicos integrados disporán de autonomía, no marco da lexislación vixente, para defini-lo modelo de xestión organizativa e pedagóxica, que deberá concretarse mediante o proxecto educativo de centro, proxectos curriculares e o seu respectivo regulamento de réxime interior.

Artigo 57º.-O proxecto educativo: definición.

É o instrumento de planificación que define as notas de identidade do centro, concreta as intencións educativas e serve para lles dar sentido e orientación ás actividades do centro.

Artigo 58º.-Finalidade.

A finalidade do proxecto educativo do centro é a de plasmar de xeito coherente a actividade educativa adoptada despois dunha análise da realidade e do contorno socioeconómico e cultural onde radique o centro. Deberá dotar de coherencia e personalidade propia a cada comunidade escolar, expresando a opción asumida polos distintos sectores, e que identificará os valores e obxectivos básicos para os que estarán vinculadas as actividades do centro.

Artigo 59º.-Contidos.

Partindo da análise das necesidades educativas específicas dos alumnos e alumnas e do contorno, así como dos principios de identidade do centro, incluirá:

- a) A organización xeral do centro, que se orientará á consecución dos fins establecidos no artigo 1 da Lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo e ó cumprimento dos principios establecidos no artigo 2 da mencionada lei.
- b) Os fins e as intencións educativas do centro, de acordo coa identidade propia do centro.
- c) Os obxectivos do centro tendentes a lograla normalización lingüística, de acordo co Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a súa aplicación ó ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios.
- d) A adecuación ó contexto do centro dos obxectivos xerais das etapas que se imparten nel e que deberán desenvolverse no proxecto curricular.
- e) O Regulamento de réxime interior do centro.
- f) A oferta do centro en canto a itinerarios educativos, optativas e actividades e servizos.
- g) As formas de colaboración e participación entre os distintos sectores da comunidade educativa.
- h) As formas de colaboración e intercambio cultural cos servizos sociais e educativos do concello e outras institucións.
- i) Calquera outra circunstancia que caracterice o réxime de funcionamento e a oferta educativa do centro.

Artigo 60º.-Elaboración, aprobación, avaliación e difusión.

O equipo directivo elaborará o proxecto educativo do centro, de acordo cos criterios establecidos polo Consello Escolar e as propostas realizadas polo Claustro de Profesores e as xuntas de delegados.

O proxecto educativo así como as súas posibles modificacións será aprobado e avaliado polo Consello Escolar.

O equipo directivo do centro procurará amosa-lo proxecto educativo de maneira que permita un mellor coñecemento del cara a orienta-los alumnos e alumnas e os seus pais, favorecendo deste xeito unha identificación e implicación do conxunto da comunidade educativa.

Artigo 61º.-Supervisión.

A Inspección educativa supervisará o proxecto educativo para comproba-la adecuación ó establecido nas disposicións vixentes, formulará as suxestións que coide oportunas e indicará as correccións que procedan.

Capítulo II

Proxecto curricular

Artigo 62º.-Definición.

O proxecto curricular é a concreción das intencións educativas do centro, maila adaptación, desenvolvemento e contextualización do deseño curricular base á especificidade do propio centro.

Debe ser un instrumento que permita a planificación da acción educativa e a reflexión sobre a propia práctica docente, polo que o proceso de elaboración deberá ter en conta as características e condicións de cada centro e o seu contorno, do alumnado e do equipo de profesores del.

Refírese a cada unha das etapas que se imparten no centro establecendo a coherencia necesaria e continuidade da acción pedagóxica nos ciclos, atendendo os criterios establecidos no marco do proxecto educativo do centro e as prescricións e orientacións do currículo.

O proxecto curricular do centro público integrado estará formado polos proxectos curriculares correspondentes a cada unha das etapas que se impartan no centro así como polos proxectos curriculares de cada un dos ciclos formativos de formación profesional específica impartidos nel, se é o caso.

Artigo 63º.-Elaboración.

A comisión de coordinación pedagóxica supervisará a elaboración e responsabilizarase da redacción para cada unha das etapas educativas que se impartan no centro, de acordo co currículo oficial e os criterios establecidos polo Claustro de Profesores e profesoras. A comisión promoverá e garantirá a participación de tódolos profesores e profesoras e solicitará os apoios necesarios dos órganos existentes dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 64º.-Aprobación e modificacións.

Serán aprobados e modificados polo Claustro de Profesores, dando conta ó Consello Escolar e remitindo un exemplar á asociación de pais de alumnos e alumnas.

Os acordos acadados para as modificacións serán incorporados á programación xeral do centro, xuntándose copia da acta da sesión de claustro na que se aprobaron.

Os centros de nova creación deberán elaboralo e aprobalo ó longo do primeiro ano de funcionamento.

Artigo 65º.-Avaliación e seguimento.

O grao de cumprimento e desenvolvemento dos proxectos curriculares de etapa deberá ser determinado ó longo do curso pola comisión de coordinación pedagóxica, que

proporá ó claustro, para a súa aprobación, as modificacións pertinentes.

Os profesores programarán a súa actividade docente de acordo co currículo establecido e consonte co respectivo proxecto curricular de etapa.

Artigo 66º.-Contido.

Os proxectos curriculares de etapa incluirán:

1. As directrices xerais e as decisións seguintes:

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas educativas que se impartan no centro ó contexto socioeconómico e cultural do centro, e ás características dos alumnos e alumnas, tendo en conta o establecido no Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se regula o uso do galego no ensino e na administración educativa, así como o establecido no proxecto educativo do centro.

b) Distribución dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación das distintas áreas ou materias, coa distribución secuencial dos contidos por etapas e ciclos.

c) Criterios de carácter xeral sobre metodoloxía

d) Os procedementos para avaliar a progresión na aprendizaxe do alumnado e os criterios e promoción de ciclo ou curso, así como os criterios de recuperación e modelo de información ás familias sobre a avaliación.

e) Orientacións para incorporar, a través das distintas áreas, a educación moral e cívica, a educación para a paz, a igualdade de oportunidades entre os sexos, a educación ambiental, sexual, para a saúde, a educación do consumidor e a vial, así como as ensinanzas da organización político institucional da Comunidade Autónoma galega.

f) Criterios e procedementos previstos para organizar a atención á diversidade dos alumnos. Cando existan alumnos con necesidades educativas especiais inclúense os criterios para realizar as adaptacións curriculares apropiadas para estes alumnos.

g) Criterios para avaliar e, se é o caso, revisar os procesos de ensino e a práctica docente dos profesores.

h) Criterios sobre organización dos contidos das distintas áreas ou materias para favorecer o seu tratamento interdisciplinar.

i) En caso de existir a educación infantil, proxecto do período de adaptación para os alumnos que se incorporen por primeira vez ó centro.

j) Criterios para a selección de materiais e recursos didácticos que se van empregar, incluídos os libros para uso dos alumnos.

2. O plan de orientación académica e profesional e o plan de acción tutorial.

3. As programacións didácticas dos departamentos e equipos de ciclo.

Artigo 67º.-Supervisión.

A Inspección educativa supervisará o proxecto curricular para comprobar a adecuación ó establecido nas disposicións vixentes, formulará as suxestións que coide oportunas e indicará as correccións que procedan.

Capítulo III

Regulamento de réxime interior

Artigo 68º.-Definición.

O Regulamento de réxime interior é a norma que se outorga a si mesmo cada centro escolar para establecer a organización propia que lle permita desenvolver o seu proxecto educativo.

Artigo 69º.-Elaboración e aprobación.

Este documento, que deberá ser aprobado polo Consello Escolar, incorporárase ó proxecto educativo e seguirá o seu mesmo proceso para a súa elaboración, recollendo aqueles aspectos relativos ó funcionamento interno do centro non previstos na normativa xeral.

Artigo 70º.-Contidos.

Debería recoller, alomenos, os seguintes aspectos:

- a) A organización práctica da participación de tódolos membros da comunidade educativa e o funcionamento das estruturas participativas.
- b) Normas de convivencia que favorezan as relacións entre os distintos membros da comunidade educativa.
- c) Canles de coordinación entre os órganos de goberno e os distintos coordinadores, titores, equipo de normalización lingüística e o xefe do equipo de actividades complementarias e extraescolares.
- d) Organización e reparto de responsabilidades non definidas na normativa vixente.
- e) Organización dos espazos e instalacións do centro e normas para o seu correcto uso.
- f) Funcionamento dos servizos educativos do centro.

Artigo 71º.-Modificación ou reforma.

Calquera modificación ou reforma debe ser aprobada polo Consello Escolar, seguíndose o mesmo procedemento que para a súa aprobación inicial. Poderase facer por iniciativa do equipo directivo, do claustro de profesores, do Consello Escolar ou da xunta de delegados.

Artigo 72º.-Supervisión.

A Inspección educativa supervisará o regulamento de réxime interior para comprobala súa adecuación ó establecido nas disposicións vixentes, formulará as suxestións que considere oportunas e indicará as correccións que procedan.

Capítulo IV

Programación xeral anual

Artigo 73º.-Contido.

1. A programación xeral anual incluírá os seguintes documentos:

- a) O Plan Anual, no que se recollerán os obxectivos específicos que o centro se propón conseguir no curso académico, medidas que se van desenvolver para a súa consecución e recursos previstos para o efecto.
- b) O horario xeral do centro público integrado e criterios pedagóxicos para a súa elaboración.
- c) Programa anual de actividades complementarias e extraescolares.
- d) Documento de organización do centro, que incluírá a estrutura orgánica, a estatística de principio de curso e a situación das instalacións e do equipamento.
- e) Programa anual de formación do profesorado e organización dos servizos complementarios, se é o caso.
- f) Plan de organización e coordinación das tarefas do persoal non docente elaborado polo secretario.

2. Incluíranse como anexo á programación xeral anual o proxecto educativo e os proxectos curriculares de etapa do centro e, de se-lo caso, as modificacións posteriores.

De non sufrir modificación, non se incluírán de novo, facendo a observación de que seguen vixentes.

Artigo 74º.-Elaboración.

A coordinación da elaboración e a responsabilidade na redacción correspóndelle ó equipo directivo do centro, que terá en conta as propostas do Claustro de Profesores e Profesoras, as directrices do Consello Escolar e as achegas dos distintos sectores da comunidade educativa.

Artigo 75º.-Información e aprobación.

Da programación xeral anual emitirá informe o Claustro de Profesores no ámbito da súa competencia e elevaralla, para a súa aprobación posterior, ó Consello Escolar do centro, que respectará, en todo caso, os aspectos docentes que competen ó claustro.

Unha vez aprobada, un exemplar dela quedará na secretaría do centro a disposición dos membros da comunidade educativa, e outro remitiráselle ó servizo provincial de Inspección educativa.

Artigo 76º.-Supervisión.

A Inspección educativa supervisará a programación xeral anual para comprobala súa adecuación ó establecido nas disposicións vixentes e no proxecto educativo de centro, formulará as suxestións que coide oportunas e indicará as correccións que procedan.

Artigo 77º.-Avaliación e seguimento.

Ó remata-lo curso escolar, o Consello Escolar, o Claustro de Profesores, e o equipo directivo avaliarán, cada quen no ámbito das súas competencias, o grao de cumprimento dos distintos documentos que constitúen a programación xeral anual, establecendo, se é o caso, as medidas correctoras oportunas. As conclusións máis significativas, que comprenderán unha estimación do alcance dos obxectivos fixados e os resultados obtidos na actividade docente, serán recollidas na memoria anual do centro, que se elaborará ó final do curso e se enviará ó servizo provincial da Inspección educativa.

Capítulo V

Xunta de delegados de alumnos e alumnas

Artigo 78º.-Composición.

Nos centros públicos integrados existirá unha xunta de delegados de alumnos e alumnas integrada polos delegados ou delegadas dos cursos do terceiro ciclo da educación primaria e da educación secundaria, elixidos segundo se determine no Regulamento de réxime interior, e os representantes do alumnado no Consello Escolar.

Artigo 79º.-Funcións.

Son funcións das xuntas de delegados de alumnos e alumnas as seguintes:

a) Recibir información dos representantes dos alumnos e alumnas no Consello Escolar sobre os temas tratados nel, e das confederacións, federacións estudiantís e organizacións xuvenís legalmente constituídas.

b) Elevar ó equipo directivo propostas para a elaboración do proxecto educativo do centro, por iniciativa propia ou por petición daquel.

c) Informar aos representantes dos alumnos no Consello Escolar dos problemas de cada grupo ou curso.

d) Elaborar informes para o Consello Escolar por iniciativa propia ou por petición deste.

e) Elaborar propostas de modificación do Regulamento de réxime interior, dentro do

ámbito da súa competencia.

f) Informa-los alumnos e alumnas do centro das actividades da xunta de delegados.

g) Formularlles propostas ós xefes de estudos para a elaboración dos horarios e ó xefe do equipo de actividades complementarias e extraescolares para a súa organización.

h) Debate-los asuntos que vaia trata-lo Consello Escolar no ámbito da súa competencia e elevar propostas de resolución ós seus representantes nel.

i) Aqueloutras funcións que lle sexan atribuídas normativamente.

Artigo 80º.-A presidencia e as súas competencias.

A xunta de delegados estará presidida por un dos seus membros, elixido entre os seus compoñentes.

Son competencias do presidente as seguintes:

a) Convoca-las reunións que se precisen.

b) Presidi-las reunións e coordinalas.

c) Responsabilizarse de que se levante acta das reunións.

d) Facer chega-las propostas da xunta de delegados ós distintos órganos de dirección ou de coordinación didáctica do centro.

Artigo 81º.-Funcionamento da xunta de delegados.

A xunta de delegados poderá reunirse en pleno ou, cando a natureza dos problemas o faga máis conveniente, en comisións que reúnan os delegados dun curso ou dunha das etapas educativas que se impartan no centro, logo do coñecemento do director e sen que isto implique alteración no normal desenvolvemento das actividades docentes.

Os xefes de estudos, dentro das posibilidades do centro, facilitaralle á xunta de delegados un espazo adecuado para que poida face-las súas reunións.

Os membros da xunta de delegados, no exercicio das súas funcións, terá dereito a coñecer e consulta-las actas das sesións do Consello Escolar e calquera outra documentación administrativa do centro, agás aquela na que a súa difusión puidese afectar o dereito á intimidade das persoas ou ó normal desenvolvemento dos procesos de avaliación académica.

Cando o solicite, a xunta de delegados, en pleno ou en comisión, deberá ser oída polos órganos de goberno do centro, nos asuntos que, pola súa índole, requiran a súa audiencia e, especialmente, no que se refire a:

a) Realización de probas e exames.

b) Establecemento e desenvolvemento de actividades culturais e deportivas no centro.

c) Presentación de alegacións e reclamacións nos casos de abandono ou incumprimento das tarefas educativas por parte dalgún membro do equipo docente do centro.

d) Alegacións e reclamacións sobre a obxectividade e eficacia na valoración do rendemento académico dos alumnos.

e) Proposta de sancións ós alumnos pola comisión de faltas que leven aparellada a incoación de expediente.

f) Libros e material didáctico que sexa obrigatorio utilizar no centro.

g) Outras actuacións e decisións que afecten de modo específico ós alumnos e alumnas.

Artigo 82º.-Eleccións.

Cada grupo de alumnos e alumnas do terceiro ciclo de educación primaria e da educación secundaria obrigatoria elixirá, por votación directa, secreta e non delegable, durante o primeiro trimestre do curso, un delegado de grupo, que formará parte da xunta de delegados. Elixirase tamén un subdelegado, que substituirá o delegado en caso de ausencia ou enfermidade e que o apoiará nas súas funcións.

As eleccións serán convocadas polo xefe de estudos de educación secundaria en colaboración cos titores de grupo e os representantes do alumnado no Consello Escolar.

A designación dos delegados, subdelegados e delegado-presidente da xunta de delegados poderá ser revogada, logo do informe razoado dirixido ó titor, pola maioría absoluta dos alumnos do grupo que os elixiron. Neste caso, procederase á convocatoria de novas eleccións nun prazo de quince días e de acordo co establecido no punto anterior.

Artigo 83º.-Funcións do delegado de grupo.

Son funcións do delegado de grupo as seguintes:

- a) Asistir ás reunións da xunta de delegados e participar nas súas deliberacións.
 - b) Expoñerlles ás autoridades académicas as suxestións e reclamacións do grupo ó que representan.
 - c) Fomenta-la convivencia entre os alumnos e alumnas do seu grupo.
 - d) Colaborar cos profesores e co equipo directivo do centro para o seu bo funcionamento.
 - e) Coidar da adecuada utilización do material e das instalacións do centro.
- Os delegados non poderán ser sancionados polo exercicio das súas funcións como voceiros dos alumnos, nos termos establecidos pola normativa vixente.

TÍTULO IV

Réxime económico do centro

Artigo 84º.-Autonomía de xestión.

Os centros públicos integrados disporán de autonomía na súa xestión económica no marco establecido na normativa vixente.

Sen prexuízo de que tódolos centros públicos integrados reciban os recursos económicos necesarios para cumprí-los seus obxectivos con criterios de calidade, os centros poderán obter recursos complementarios. Estes recursos deberán ser aplicados ós seus gastos de funcionamento e non poderán proceder das actividades desenvolvidas polas asociacións de pais e de alumnos no cumprimento dos seus fins.

Os centros públicos integrados poderán recibir achegas voluntarias dos pais e nais de alumnos e alumnas ou doutras institucións, de acordo co establecido na lexislación vixente.

A comisión económica, logo da aprobación no Consello Escolar, deberá presentar para a súa autorización polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o plan de accións encamiñadas á obtención dos recursos complementarios ós que se refire o punto anterior.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá delegar nos órganos de goberno dos centros públicos integrados a adquisición de bens, contratación de obras, servicios e subministracións cos límites que normativamente se establezan. O exercicio da autonomía dos centros para administrar estes recursos estará sometido, en todo caso, ás disposicións que regulan o proceso de contratación, realización e xustificación do gasto para as administracións públicas.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá delegar nos órganos de gobernos dos centros públicos integrados as competencias que en canto á xestión económica se determinen, responsabilizando os equipos directivos da xestión dos recursos materiais postos a disposición do centro.

TÍTULO V

Asociacións de pais e nais de alumnos, asociacións de alumnos e alumnas e outros órganos de participación

Artigo 85º.-Existencia.

Nos centros públicos integrados poderán existir, de acordo coa lexislación vixente, asociacións de pais e nais de alumnos e asociacións de alumnos e alumnas, así como federacións e confederacións delas. Nos regulamentos de réxime interior garantirase, por parte do centro, os espazos pertinentes para a realización de actividades permanentes.

Co fin de fomenta-la participación e enriquecemento da vida escolar do centro con outras estruturas, os centros públicos integrados poderán constituír outros órganos de participación e colaboración.

Artigo 86º.-Funcións.

Estas asociacións poderán, no exercicio das súas funcións:

- a) Elevarlle propostas ó Consello Escolar para a elaboración do proxecto educativo e o Regulamento de réxime interior e ó equipo directivo para a elaboración da programación xeral anual.
- b) Informa-lo Consello Escolar daqueles aspectos da marcha do centro que consideren oportuno.
- c) Informa-los asociados da súa actividade.
- d) Recibir información, a través dos seus representantes no Consello Escolar, sobre os temas tratados nel.
- e) Elaborar informes para o Consello Escolar por iniciativa propia ou por petición deste.
- f) Elaborar propostas de modificación do Regulamento de réxime interior.
- g) Formular propostas para a realización de actividades complementarias que, unha vez aceptadas, deberán figurar na programación xeral anual.
- h) Coñece-los resultados académicos referidos ó centro e a valoración que deles realice o Consello Escolar.
- i) Recibir un exemplar da programación xeral anual, do proxecto educativo, dos proxectos curriculares de etapa e das súas modificacións, así como do Regulamento de réxime interior.
- j) Recibir información sobre os libros de texto e os materiais didácticos adoptados polo centro.
- k) Fomenta-la colaboración entre tódolos membros da comunidade educativa.
- l) Facer uso das instalacións do centro nos termos que, de acordo coa lexislación vixente, sexan establecidas por parte do Consello Escolar.
- m) Participar no proceso electoral para designa-los membros do Consello Escolar.

n) Promover candidaturas para os cargos elixibles.

TÍTULO VI

Avaliación destes centros

Artigo 87º.-Avaliación externa.

Os centros públicos integrados serán avaliados periodicamente tendo en conta as circunstancias nas que se desenvolven as actividades educativas e os recursos humanos e materiais con que contan.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Inspección educativa e coa colaboración dos órganos colexiados e unipersoais de goberno, dos órganos de coordinación didáctica, así como dos distintos sectores da comunidade educativa, e en calquera caso coa participación do profesorado, fará a avaliación externa destes centros, de acordo coas directrices emanadas dela, a través da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa ou da que teña atribuída a competencia, sen prexuízo de que puideran establecerse outros procedementos por organismos creados para o efecto para a dita avaliación.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Inspección educativa, comunicaralles ó Consello Escolar e ó Claustro de Profesores de cada centro as conclusións da avaliación correspondente.

Artigo 88º.-Avaliación interna.

Ademais da avaliación externa, estes centros avaliarán o seu propio funcionamento, sen prexuízo do que dispoñan para o efecto os pertinentes proxectos educativo e curricular do centro, propiciando así o proceso de autoavaliación.

Os órganos de goberno e os de coordinación pedagóxica impulsarán, no ámbito das súas competencias, a realización da dita autoavaliación.

As conclusións máis significativas derivadas deste proceso serán recollidas na memoria que realiza o centro ó remate do curso escolar.